

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de Setembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e quince minutos do día vinteseis de setembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, e o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1181).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de setembro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1182).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4603/02 INTERPOSTO POR D. VICTOR MANUEL ALONSO E OUTRO CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ANULACIÓN DE ACORDO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 22.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Rexeitar o recurso contencioso-administrativo interposto polo procurador SR. LÓPEZ VALCARCEL, en nome e representación de D. VICTOR MANUEL GÓMEZ ALONSO e D. MIGUEL

BRENLLA FERREIRA contra desestimación por silencio por parte do Concello de Vigo da reclamación presentada en escrito de data 29.06.01 de responsabilidade patrimonial. Non se fai declaración de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

3(1183).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4658/02 INTERPOSTO POR D. AVELINO ARAUJO SOTO E OUTRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.(EXPTE. 14262/240) DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso administrativo interposto por D. AVELINO ARAUJO SOTO e D^a MARINA COMESAÑA RODRÍGUEZ contra desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial, en relación con danos sufridos no accidente acontecido d 09.12.00. Con imposición de custas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

4(1184).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5584/02 INTERPOSTO POR D^a. PILAR ÁLVAREZ BARREIRO, CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO DE 2.09.02 DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 13291/240). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 08.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Rexeitar recurso contencioso administrativo interposto polo procurador Sr. GARRIDO PARDO, no nome de D^a PILAR ÁLVAREZ BARREIRO contra o acordo de 02.09.02 do Concello de Vigo. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

5(1185).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7027/02 INTERPOSTO POR PRAZADOURO S.L. CONTRA ACORDOS PLENARIOS DO 28.06.01 E 29.05.98 SOBRE AUTORIZACIÓN DE TARIAS PROPOSTAS PARA UTILIZACIÓN DE APARCAMENTO DA PRAZA ELÍPTICA E ESTABLECEMENTO DE NOVAS TARIAS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 11.05.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso administrativo interposto por PRAZADOURO, S.L. contra acordos de 28.06.01 e 29.05.98 sobre autorización de tarifas propostas para utilización de aparcadoiro subterráneo da Praza Elíptica e establecemento de novas tarifas segundo dispón a oferta da adxudicataria dictada polo Concello de Vigo. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

6(1186).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5437/02 INTERPOSTO POR Dª. SECUNDINA VALBUENA MATA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE.(EXPTE. Nº14296/240). ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 15.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar parcialmente as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, declarando a responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo e a obriga deste de indemnizar á demandante na cantidade de 839 euros por anos e prexuízos.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Tesourería.

7(1187).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4466/02 INTERPOSTO POR Dª. TERESA SÁNCHEZ CARRASCO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 14029/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 26.05.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por Dª TERESA SANCHEZ CARRASCO contra desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada o 16.04.01, e declarala non conforme a dereito e condea ó Concello a indemnizar á actora na suma de 446,96 euros polos danos relacionados no feito segundo da sentenza e que resultan do feito primeiro, máis os xuros dende a data da reclamación do 16.04.01, todo iso sen especial mención das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Tesourería.

8(1188).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 4677/02 INTERPOSTO POR FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, CONTRA RESOLUCIÓN DO 20.03.02 DESESTIMATORIA DE REC. ALZADA INTERPOSTO CONTRA RESOLUCIÓN DO 11.02.02 SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. (EXPTE. 14869/240). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 18.05.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo e declarar a revocación da resolución impugnada por non ser conforme a dereito.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

9(1189).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 4712/02 INTERPOSTO POR Dª Mª JESÚS NOVOA PÉREZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por Dª MARIA JESÚS NOVOA PÉREZ contra desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial en relación cos danos sufridos no seu vehículo o 31.12.01, que se declara non conforme ó dereito polo que condea á Administración a aboar á recorrente a cantidade de 2.067,18 euros, incrementada polos xuros dende a data do accidente ata o seu completo pagamento. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

10(1190).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 5636/02 INTERPOSTO POR Dª. INES PÉREZ GUTIERREZ, CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE. (EXPTE. 1499/8/240). ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 23.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar parcialmente o recurso interposto por D^a INES PÉREZ GUTIERREZ, contra desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial e declarar non conforme a dereito a desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación efectuada, acollendo en parte as pretensións da interesada contra o Concello, condenando a que indemnice á interesada na suma total de 6.354,57 euros máis os xuros dende a data da primeira reclamación, o 17.04.02. Sen especial mención de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Patrimonio e Contratación e de Vías e Obras.

11(1191).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7066/03 INTERPOSTO POR D. ANTONIO DURÁN RODRÍGUEZ CONTRA SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO QUE DESESTIMA RECURSO SOBRE SOLICITUDE DE NULIDADE DO ACTA DE PROBA PRECONSTITUÍDA POR LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO DE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBÁN (EXPTE. 10418/502). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 06.07.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso de apelación interposto polo representante procesal de D. ANTONIO DURAN RODRÍGUEZ contra sentenza do 06.10.03 dictada no procedemento PO-218/2002 que desestima o recurso sobre solicitude de nulidade de acta de proba preconstituída por liquidación imposto incremento valor dos terreos dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 dos de Vigo e confirma a sentenza apelada. Con imposición de custas á parte apelante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Administración de Tributos.

12(1192).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 5500/02 INTERPOSTO POR D^a. CORAL BUENO REY, CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE (EXPTE. 14226/240). ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 23.06.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a CORAL BUENO REY, contra resolución do 10.06.02 pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 29.05.01, anulando a resolución recorrida por non ser conforme o dereito, e condea á Administración demandada a aboar á interesada a suma de 2.170,57 euros, máis os xuros dende a data da primeira reclamación o 21.05.01. Sen especial mención de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación e Vías e Obras.

13(1193).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 11/2005 INTERPOSTO POR D^a. DOLORES SANTORO RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dase conta da sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 dos de Vigo, de data 27.07.05 no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por D^a DOLORES SANTORIO RODRIGUEZ, D^a DOLORES SANCHEZ SANTORIO, D. JOSE MANUEL IGLESIAS COVELO, D. PABLO ALONSO OTERO, D^a SONIA ORDOÑEZ ALONSO e D. ABEL CHAUDARCAS GARCIA, contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada en data 29.06.04 polos danos sufridos o 27.12.03 polo vehículo de Dolores Santorio Rodríguez ó colisionar cun contedor de lixo desprazado polo vento, así como as lesións causadas a cada un dos cinco ocupantes do vehículo, resolución anulada ó entendela contraria a dereito, condeando á Administración demandada a satisfacer ós demandantes. Sen pronunciamento en material de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

14(1194).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 98/05 INTERPOSTO POLA EMPRESA COLOCADORA DE PRODUCTOS IMPERMEABILIZANTES , S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA DESESTIMACIÓN DA SOLICITUD DE REVISIÓN DAS LIQUIDACIÓNS XIRADAS EN CONCEPTO DE TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON VALADO. EXPTE. 15655/511. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 dos de Vigo, de data 14.07.05, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade COLOCADORA DE PRODUCTOS IMPERMEABILIZANTES, S.L., contra resolución de data 09.06.04 do Concello de Vigo, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo demandante, contra resolución de data 30.04.03 que confirma por entendela axustada a dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Tributos Especiais.

15(1195).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 9/05 INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN CONTRA RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS POLA QUE SE EXCLUIRON DA CLASIFICACIÓN UNHA SUPERFICIE OCUPADA POR UN DEPÓSITO DE MATERIAL MUNICIPAL. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 dos de Pontevedra, de data 29.07.05, no recurso de referencia, que falla o seguinte

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola Procuradora D^a. SANDRA DEL RIÓ en nome e representación de D. CARLOS HERMIDA GARCÍA, na condición de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Matamá, contra o acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra de data 28.10.04 desestimatorio do recurso de reposición a súa vez deducido contra acordo do citado Xurado de data 14.07.04, clasificando parcialmente como veciñais en Man Común os montes “Amo”, “Maruxento” e “Fonte Santa” a favor da parroquia de Matamá-Vigo, por consideralo conforme a dereito. Sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Patrimonio e Contratación e Vías e Obras.

16(1196).- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN 1094/2003 INTERPOSTO POR FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. CONTRA SENTENZA DO TSXG, DESESTIMATORIA DE R.C.A. CONTRA ACORDO PLENARIO DE 13.12.07, DENEGATORIO DE ACTUALIZACIÓN DE PREZO DO SERVIZO DE LIMPEZA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 04.05.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimando os motivos incoados, declara non ter lugar ó recurso de casación interposto pola representación procesal da entidade FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., contra a sentenza de 24.10.02 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que queda firme. Con imposición de custas a parte recorrente.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

17(1197).- SENTENZA DO TSXG REC.APELACIÓN Nº 7063/2003 INTERPOSTO POR D^a. M^a ESTHER VÁZQUEZ FERRO, CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-

ADMINISTRATIVO EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO DE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA. (EXPTE. 3170/98). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 06.07.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar ó recurso de apelación interposto pola representación procesal de D^a MARIA ESTHER VAZQUEZ FERRO, D^a MARIA DOLORES VAZQUEZ FERRO, D. CARLOS VAZQUEZ FERRO, D^a MARGARITA VAZQUEZ FERRO e D. GERMÁN VAZQUEZ FERRO, contra sentenza dictada polo Xultado do Contencioso-administrativo núm. 1 dos de Vigo, que considera firme.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Administración de Tributos.

18(1198).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 366/04 INTERPOSTO POR D. ALVARO VALENTÍN LÓPEZ COSTAS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE. DESESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 30.06.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesal de D. ALVARO VALENTÍN LÓPEZ COSTAS, fronte ó Concello de Vigo contra a Resolución indicada que se declara conforme ó dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

19(1199).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 241/04 INTERPOSTO POR SANTOS HECTOR, S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE PAGO DE OBRAS E SERVIZOS PRESTADOS POLA EMPRESA NO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DO ALUMEADO DA RÚA GARCÍA BARBÓN. (EXPTE. 2733/444). ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dase conta da sentenza de data 20.07.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesal de SANTOS HECTOR, S.L., contra ó Concello de Vigo, contra a resolución que condea á Administración municipal demandada a aboarlle á empresa recorrente a cantidade de 11.816,58 €, máis os xuros de demora dende a data seguinte ó de expiración do prazo de dous meses a contar dende a data das

respectivas facturas, máis os xuros legais dende a data de interposición do recurso. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ós Departamentos de Electromecánicos e Intervención-Tesourería.

20(1200).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 362/2004 INTERPOSTO POR D. SERGIO SILVA SUAREZ CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR ACCIDENTE. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 08.07.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por D. SERGIO SILVA SUAREZ contra resolución de data 10.11.04 do Concelleiro Delegado de Patrimonio do Concello de Vigo, polo que se desestima o recurso de reposición interposto fronte o Decreto de dita Concellería de 20.08.04, polo que se declara desistido da súa petición, procedendose o arquivo da mesma, o entendela axustada a dereito. Sen condea de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

21(1201).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 80/2005 INTERPOSTO POR DELEGACION CIÓN REUNIDAS NOVOFRI, S.A.. CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA EN MATERIA DE SANCIÓN. DESESTIMADO

Dáse conta da sentenza de data 06.07.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por DELEGACIONES REUNIDAS NAVOFRI, S.A., contra resolución de data 30.12.04 desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte á dictada no expediente sancionador de imposición de sanción de 301 €, resolución que confirma ó entendela axustada a dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta á Área de Mobilidade e Seguridade.

22(1202).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 51/2005 INTERPOSTO POR D. JESUS RUBÉN ESTÉVEZ MALVAR CONTRA

RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA DECLARACIÓN DE DESISTIMIENTO EN SOLICITUDE DE RECLAMACIÓN DE DANOS. ESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 04.07.05, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por D. JESUS RUBEN ESTEVEZ MALVAR contra desestimación presunta polo Concello de Vigo do recurso de reposición interposto polo recorrente fronte a resolución de data 18.08.04, na que se ten por desistido ó recorrente da reclamación patrimonial presentada, que se anula ó entendela contraria a dereito, recoñecendo o dereito do recorrente á continuación do procedemento de responsabilidade patrimonial iniciado así como a ser notificado no domicilio particular. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

23(1203).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 225/2005 INTERPOSTO POR D. RAMÓN MARTÍNEZ SOUTO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE DANOS POR ACCIDENTE. INADMISIBILIDADE DO RECURSO.

Dase conta da sentenza de data 05.07.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarar inadmisibile por extemporaneidade a ampliación no recurso contencioso-administrativo interposto por D. RAMON MARTINEZ SOUTO. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

24(1204).- SENTENZA DO TSXG NO REC. SUPPLICACIÓN Nº 3478/03 INTERPOSTO POR PROTECCIÓN Y SEGURIDAD DE GALICIA, S.A. CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 QUE CONDENA SOLIDARIAMENTE AO CONCELLO DE VIGO E A RECORRENTE AO ABOAMENTO DE INDEMNIZACIÓN POR ACCIDENTE NO IFEVI. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 19.07.05 dictada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimando o recurso de suplicación interposto pola empresa demandada PROTECCIÓN Y SEGURIDAD DE GALICIA, S.A. (Prosega, S.A.) e desestimando o formulado polo Concello de Vigo, revocar parcialmente a sentenza de data 19.02.03, dictada nos presentes autos a instancias de D.

MARCOS FERNÁNDEZ PARCERO, absolvendo da demanda á referida empresa , confirmando nos memos termos a condea do Concello de Vigo, así como os restantes pronunciamentos absolutorios que o fallo impugnado contén respecto dos tamén demandados Fundación Instituto Ferial de Vigo, a empresa Planner Procentha, S.L., Instituto Nacional da Seguridade Social e Tesorería Xeral da Seguridade Social. Con imposición ó Concello de Vigo das custas causadas polo recurso, que incluírán a cantidade de 300 € en concepto de honorarios de letrado de cada parte impugnante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

25(1205).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 54/2005 INTERPOSTO POR D. AVELINO MERA PEREIRA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dar conta da sentenza de data 22 de xuño de 2005, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo no recurso de referenencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por D. AVELINO MERA PEREIRA contra resolución do Concello de Vigo de data 01.12.04 dictada no expediente sancionador que impuso ó recorrente unha sanción consistente en multa de 92 €, resolución que se anula ó considerala contraria ó dereito. Sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Circulación.

26(1206).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 28/2005 INTERPOSTO POR D. LAUREANO CACHEIRO NEVES CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dase conta da sentenza de data 29.07.05 do Xulgado do Contencioso-Administrativanúm. 1 dos de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D. LAUREANO CACHEIRO NEVES fronte ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, Autoridade Portuaria de Vigo, e Concello de Vigo, contra a desestimación presunta por silencio da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial de data 11.06.04, condeando á Autoridade Portuaria de Vigo a aboar a cantidade de 2.227,87, coa aplicación dos xuros legais dende a data da reclamación, con absolución do resto de demandados. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación e Vías e Obras.

27(1207).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 27/2002 INTERPOSTO POR EILEVA, S.L.CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DESESTIMATORIA DE R.C.A. EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓNS XIRADAS EN CONCEPTO DE IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 25.05.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso de apelación formulado por EILEVA, S.L. contra a sentenza do 17.09.02 que desestima o recurso interposto contra resolución do Concello de Vigo sobre liquidacións incremento do valor dos terreos de natureza urbana e confirma a sentenza apelada. Con imposición de custas da apelación á parte apelante.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Administración de Tributos.

28(1208).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 210/05 INTERPOSTO POR Dª. ANGELES CASTRO LÓPEZ CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE SOBRE SANCIÓN DE TRÁFICO. (EXPTE. 1040987189). ESTIMADO.

Dase conta da sentenza de data 28.06.05 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 dos de Vigo referente ó recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por Mª DE LOS ANGELES CASTRO LOPEZ contra resolución do Concello de Vigo desestimatoria de recurso de reposición interposto fronte á imposición de sanción de 302 € declarándoa contraria a dereito, polo que se deixa sen efecto, sen prexuízo da facultade que corresponde á Administración para tramitar o correspondente expediente administrativo pola eventual infracción da recorrente. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Mobilidade e Seguridade.

29(1209).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 238/04 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO REQUIRIMENTO FORMULADO CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI 2001-2002

RELATIVO AO INMOBLE SITO NA RÚA MONTECELO 100. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 23.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarar rematado o presente procedemento con arquivo do recurso e devolución do expediente de administración por recoñecemento en vía administrativa das pretensións da demandante. Cabe interpoñer recurso de súplica

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto de referencia.

30(1230).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 371/04 INTERPOSTO POR D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ TRONCOSO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS MATERIAIS. ARQUIVO DO PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 31.05.05, dictado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 dos de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Acordar o arquivo do procedemento, por carencia sobrevida de obxeto. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

31(1231).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE 2/1176.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social de data 21-09-05, conformado pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder a prestación de Servizo de Axuda no Fogar a D. Francisco Javier Vaamonde Espiño.

32(1232).- PRÉSTAMO DE DÚAS OBRAS DA COLECCIÓN DE ARTE GALEGA-FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO Ó AUDITORIO DE GALICIA PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 3/339.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico superior da Casa Galega da Cultura, do 19.08.05, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, vista a conformidade para o préstamo das obras de D. Francisco Fernández del Riego, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Prestar ó Auditorio de Galicia, CIF G-15305725, as obras “Retrato de Francisco Fernández del Riego” de Luis Seoane, e “Retrato de Castelao” de Carlos Maside. O destino do préstamo é a exposición “Os artistas de Ánxel Casal” que terá lugar no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) entre os meses de outubro a novembro de 2005.

As obras que se prestan forma parte da exposición permanente da colección de arte galega do Museo Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa 2, Vigo, CP36202).

O detalle das obras solicitadas é:

Maside, Carlos

[Gravado]

Retrato de Castelao [Xilografía] / [Firma:] Maside. -- [1932]. -- Ilustracións : 22x17 cm ; Soporte : 34x27 cm. -- Estado de conservación : malo (marcas de humidade). -- NM. 65 . – FR-PI-64

Valor a efectos do seguro 4.200,00 euros

Seoane, Luis

[Debuxo]

Francisco Fernández del Riego [Debuxo] : [Retrato dun novo Francisco Fernández del Riego cun trícele da agrupación "Utreia" na solapa] / [Firma:] Seoane. -- (1933). -- Ilustracións : 43x29 cm ; Soporte : 45x32 cm. -- Estado de conservación: regular (marcas de humidade). – Dedicatoria manuscrita do autor. – NM. 71. -- FR-PI-72 R.71

Valor a efectos do seguro 6.000,00 euros

Segundo.- O préstamo ó Auditorio de Galicia efectúase segundo as seguintes condicións:

- a) O préstamo da obra realízase de acordo coas condicións técnicas que se achegan na solicitude do Auditorio de Galicia.
- b) O Auditorio de Galicia responsabilizarase de calquera dano ou roubo que poideran sufrir as obras prestadas polo que deberá contratar a póliza de seguro “cravo a cravo” coas cláusulas especiais para obras de arte polo valor indicado polo prestador. Con antelación suficiente á saída das obras, o Auditorio de Galicia deberá proporcionar un certificado desta póliza.
- c) O período de cobertura da póliza de seguro comprenderá dende o día 15 de setembro ata o día 15 de decembro de 2005 (inclusive).
- d) O transporte das obras realizarase por unha empresa especializada en obras desta natureza; o lugar de recollida e entrega será a Casa Galega da Cultura.
- e) Ademais dos datos de identificación das obras que figurarán na exposición e no catálogo tamén se incluírá a referencia: "Concello de Vigo / Museo Francisco Fernández del Riego".
- f) O valor das obras a efectos de seguro é de 10.200,00 € (dez mil douscentos euros).
- g) O Auditorio de Galicia asumirá as obrigas que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual, en caso de realizar algún tipo de reprodución ou difusión da obra prestada.

O Auditorio de Galicia entregará gratuitamente ó Concello de Vigo un mínimo de 5 exemplares do catálogo da exposición e publicacións que se edite sobre a exposición.

33(1233).- RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER NO PROGRAMA BIAL DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 3414/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta emitido polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de data 07-09-05, conformado pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a programación das novas obras incluídas no expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de setembro.

ANEXO DE OBRAS PROPOSTAS POLO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA

- *Acondicionamento do local de López de Neira para ubicación de oficina de información xuvenil.*

Demolición dos elementos interiores existentes e excutir novas instalacons. Procedese coa construcion das novas instalacions unha vez feita a demolicion, e executada a estrutura.

Tempo estimado de execución: ata o 31 de decembro.

Departamento solicitante: Concelleria Xuventude e Deportes.

- *Encauzamento augas pluviais no Gorxal.*

Esta obra consiste na construcción dun muro de formigón de reforzo para o lavadeiro aló construído e reacondicionamento do mesmo.

Tempo estimado de execución: 3,5 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Rebaixes de beirarrúas na rúa Doctor Corbal.*

Construcción de rebaixes de beirarrúas que permitan o acceso aos peons.

Tempo estimado de execución: 7 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Axardinamento da isleta situada entre Martínez Garrido e Dr. Carracido.*

Axardinamento con instalación de rego incluída desta isleta.

Tempo estimado de execución: 1 semana

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

- *Axardinamento das isletas situadas na rúa Baiona.*

Axardinamento con instalación de rego incluída destas isletas.

Tempo estimado de execución: 2 semanas.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

- *Axardinamento de zona verde na confluencia de Martínez Garrido e rúa Gaivota.*

Axardinamento con instalación de rego desta zona verde.

Tempo estimado de execución: 1,5 semanas.

Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.

- *Acondicionamento do Aulario do Parque das Ciencias de Vigo-Zoo – Incluído en Plan de Formación.*

Construcción de tabiques, colocacións de instalacións e acondicionamento do aulario.

Tempo estimado de execución: A realizar en caso de chuvia.

Departamento solicitante: OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

- *Reposición de losetas no entorno do Colexio Amor de Dios.*

Reposición das losetas que faltan e arranxo das defectuosas nas beirarrúas que están diante deste colexio..

Tempo estimado de execución: 1 semana.

Departamento solicitante: Servizos Xerais.

- *Reparación e acondicionamento da praza da cuberta do estacionamento da rúa Coruña (Xulgados).*

Reparación e acondicionamento do pavimento desta zona.

Tempo estimado de execución: 4 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Instalación de novos puntos de luz nas parroquias de S. Miguel de Oia e Saiáns.*

Instalacións de novos puntos de luz e renovación de existentes nestas parroquias.

Tempo estimado de execución: 3 meses.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

- *Renovación de puntos de luz no Cño. Cortado da Estación.*

Cambio dos puntos de luz existentes por uns novos.

Tempo estimado de execución: 1 semana.

Departamento solicitante: Electromecánicos.

34(1234).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE SANCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA. EXPTE. 71458/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de acordo da xefa de Seguridade e Transportes de 16-09-05, conformada polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

En data 11 de maio de 2005, por parte de SANCHEZ ALVAREZ, S.L., constituíuse un aval de 1.500€ para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Ronda de Don Bosco, 52.

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, SANCHEZ ALVAREZ, S.L., en data 4 de agosto de 2005 solicita a baixa da mesma e a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 4 de agosto de 2005, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.

Polo exposto, sómétese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Que polos servizos da Intervención municipal se proceda á devolución do aval constituído en data 11-05-05 por SANCHEZ ALVAREZ, S.L., con CIF B-36.012.540, por un importe de 1.500€, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ó patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Ronda de Don bosco, 52, por non se producir danos.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

35(1235).- PREGO DE CONDICIÓN PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CENTRAL DE COMUNICACIÓN E EMERXENCIAS PARA A POLICÍA LOCAL E BOMBEIROS. EXPTE. 2087/113.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os correspondentes pregos de condicións técnicas e administrativas, en conformidade co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación de data 19-08-05, conformado polo concelleiro da Área de Seguridade que contén así mesmo o intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- autorizar o gasto de 200.000 euros para a subministración, instalación e posta en funcionamento do equipamento necesario para a modernización e mellora do Centro de Coordinación e Xestión de Comunicacións da Policía Local e do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Vigo que se consignarán nas partidas 2222.629.00.05 (100.000 euros) e 2221-626.00.00 (100.000 euros) do presuposto vixente.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas técnicas e administrativas para a contratación do concurso aberto da subministración, instalación e posta en funcionamento do equipamento necesario para a modernización e mellora do centro de Coordinación e Xestión de Comunicacións da Policía Local e do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Vigo.

Terceiro.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

36(1236).- PRÓRROGA DE CONTRATO DE ARRENDAMENTO COA SOCIEDADE MERFLO S.L. DO LOCAL DA SÚA PROPIEDAD SITO NA PRAZA DE COMPOSTELA Nº 22. EXPTE.17361/240.

Examinadas as actuacións do expediente, e de conformidade co seguinte informe-proposta de data 05-09-05 da técnico de admon. Especial do departamento de Patrimonio e Contratación, conformado polo concelleiro-delegado da área e intervido e conformado pola Intervención Xeral:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o día 29 de maio de 1998, acordou contratar o arrendamento do local situado na Praza de Compostela nº 22, entrecán esquerda, por un prazo de cinco anos, consonte o previsto na Lei de Arrendamentos Urbanos, 29/1994 de 24 de novembro, dito contrato foi prorrogado por outra anualidade, producíndose o vencemento do mesmo o vindeiro 17 de xullo de 2005.

O contrato de arrendamento do baixo citado anteriormente, veno ocupando a Fundación Provigo, e segundo escrito de data 31 de xuño de 2005, remitido pola Alcaldía Municipal, a este Concello interesalle continuar có arrendamento do mesmo.

Postos en contacto cúa propietaria do inmovible, ésta manifesta a súa intención de proceder a unha nova contratación do inmovible, coa condición de que o prezo que actualmente percibe en concepto de renda de aluguer- 1.335,20 euros/mes-, sexa incrementando, pasando a ser a renda de 1.500,00 euros mes, ive engadido.”

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Contratar polo prazo dun ano o contrato de arrendamento, coa sociedade Merflo, S.L., propietaria de dito inmovible, conforme o clausulado que a continuación se transcribe:

Ná Casa do Concello de Vigo, a de de 2005.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Javier Guerra Fernández, concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal do Excmo. Concello de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra, D^a Mercedes Gómez Fernández, con D.N.I. 35.931.963, en nome e representación da entidade Merplo, S.L, propietaria do edificio nº 22 da Praza de Compostela desta cidade, segundo escritura outorgada perante o Notario D. Mariano Vaqueiro Rumbao, o día 4 de febreiro de 1998, co nº 189 do seu protocolo, e subsanada por posterior outorgada ante o mesmo Notario o 30 de marzo de 1998 baixo o nº 663 do seu protocolo. .

Ambalas duas partes se recoñecen competencia e capacidade, respectivamente para a formalización do presente contrato de arrendamento.

Autoriza este contrato D. Manuel Lorenzo Penela titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local.

CLÁUSULAS

Primeira.- Que a entidade Merflo é o Concello de Vigo acordan, subscribir, polo prazo dun ano, a contar dende o 16 de xullo de 2005 e ata o 16 de xullo de 2006, un contrato de arrendamento do local sito no entrechán esquerda do edificio nº 22 da Praza de Compostela.

Segunda.- A renda do aluguer será de 1.500,00 euros mensuais, ive engadido, pagadeira por mensualidades anticipadas.

Tamén serán de conta do Concello os gastos de comunidade do edificio.

Terceira.- O local obxecto de aluguer será destinado a actividades culturais que non incluían música, sempre que ademais non sexan molestas, insalubres ou perigosas. Non obstante se autoriza ó Concello de Vigo, para que poida ceder o uso do mencionado local á Fundación Provigo, durante a vixencia deste contrato, rematando automaticamente a cesión o termo do presente contrato. Se antes de rematar a vixencia do contrato a Fundación Provigo déixase de utilizar este local, recuperará o uso do local o Concello de Vigo polo resto do prazo que quedase pendente ata o remate de dito prazo contractual.

Cuarta.- Serán de cargo do arrendatario os gastos de consumo de luz, auga e calquera outro que requira o seu funcionamento, así como a taxa de recollida de lixo.

Quinta.- Todas as obras a realizar no local quedarán en beneficio da propiedade sen indemnización por parte da mesma.

Sexta.- O arrendatario declara recibir o local en perfecto estado de conservación, obrigándose a devolvelo en iguais condicións.

E para que así conste, asínase de conformidade por ámbalas dúas partes o presente documento, en tres exemplares, no lugar e data ó principio mencionados.

37(1237).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXIANCIA E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO VERBUM –CASA DAS PALABRAS- ADXUDICADO A SECURITAS, SEGURIDAD ESPAÑA S.A EXPTE. 7604/331

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 11-08-05 do director do Verbum, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e intervido e conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local,

Acorda:

Autorizar a segunda revisión de prezos do contrato con Securitas Seguridad España, S.A., Securitas Tratamiento Integral de Valores, S.A. e Servicios Securitas, S.A. (CIF G-83643338) para a prestación do servizo de vixilancia e mantemento do Verbum-Casa das Palabras; incrementándoos nun 3,1%, variación experimentada polo IPC nacional entre o 6 de maio de 2004 (data da primeira revisión de prezos do contrato) ata o 6 de maio de 2005 (data de remate da segunda anualidade dende o inicio do contrato). Os prezos que se aplicarán serán os seguintes:

- Hora de vixilante de seguridade diurna: 14,62€
- Hora de vixilante de seguridade nocturna: 16,00€
- Hora de vixilante de seguridade festiva diurna: 15,74€
- Hora de vixilante de seguridade festiva nocturna: 17,04€
- Hora de auxiliar de servizos diurna: 9,99€
- Hora de auxiliar de servizos nocturna: 9,99€
- Prezo do servizo de traslado de fondos: 4.899,11€/ano
- Prezo do servizo de subministración de billetes: 2.050,16€/ano
- Prezo do servizo de mantemento dos sistemas de seguridade: 5.819,28€/ano

Os disponibéis actuais nos Ds 28686 e 28687 poden absorber o incremento do IPC ata a finalización do contrato debido ao gasto realizado ata a data e as previsións de servizos.

38(1238).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS ADXUDICADO Á EMPRESA SERVICIOS SECURITAS S.A EXPTE. 7617/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 10-08-05 do Director do Verbum, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e intervido e conformado

pola Intervención Xeral, e de conformidade así mesmo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a segunda revisión de prezos do contrato con Servicios Securitas, S.A. (CIF A-28986800) para a prestación do servizo de atención ao público do Verbum-Casa das Palabras, incrementándoos nun 3,5%, variación experimentada polo IPC nacional entre o 25 de abril de 2004 (data da primeira revisión de prezos do contrato) ata o 24 de abril de 2005 (data de remate da segunda anualidade dende o inicio do contrato). Os prezos que se aplicarán serán os seguintes:

- 10,85 euros: hora de atención xeral ao público.
- 12,54 euros: hora de coordinación do servizo e xestión.

O disponible actual no AD 1314 pode absorber o incremento do IPC ata a finalización do contrato debido ao gasto realizado ata a data e as previsións de servizo.

Segundo.- Prorrogar por un período de tres meses o contrato para a prestación do servizo de atención ó público no Verbum-Casa das Palabras adxudicado a Servicios Securitas, S.A. por resolución da Alcaldía-Presidencia de 24-04-2003.

39(1239).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO DE VIGO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS ADXUDICADO Á EMPRESA LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A. EXPTE 17354/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 24 de agosto de 2005 da técnico de Administración Especial de Patrimonio e Contratación, intervenido e conformado polo Interventor Xeral que di o seguinte:

“Por parte da empresa adxudicataria do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 31 de decembro de 2002, solicítase a revisión anual do prezo contractual, que na actualidade está establecido na cantidade de 1.002.130,53 euros/ano.

No prego de cláusulas administrativas que no seu día rexeu o concurso convocado para a contratación do servizo, prevese na cláusula 3ª, aptdo. 1.-, a revisión do prezo do contrato, dispoñendo que éste revisárase anualmente, unha vez trascorrido un ano do prazo contractual, mediante a aplicación da variación que experimente o Índice de Prezos o Consumo do ano inmediato anterior a adxudicación ou a última revisión.

Na referida cláusula prevese asimesmo, si como consecuencia da actualización producida no prezo do contrato, o incremento resultante fose inferior a variación dada por un novo convenio colectivo provincial ou actualización do mesmo, os custos de persoal, actualizaránse polo incremento que se poña de manifesto entre o convenio vixente no momento de facela oferta e a nova situación, a tales efectos os licitadores indicarán nas ofertas os custos de man de obra o número de traballadores e a súa categoría laboral e custo de man de obra en relación o prezo total ofertado.

Dado que a última revisión de prezos do contrato tiña efectos dende o 1 de xaneiro de 2004, a empresa adxudicataria terá dereito a revisión do contrato a partir do 1 de xaneiro de 2005.

A vista que no prego de cláusulas Administrativas, está previsto que a revisión do prezo do contrato, na parte correspondente o custe de man de obra, efectuarase según o incremento que experimente dito concepto (man de

obra), como consecuencia do convenio provincial de edificios e locais, publicado éste no B.O.P. de data 17 de xulio de 2005 e que neste caso foi dun 5,51% -tendo en conta todos os incrementos que se produciron na totalidade dos conceptos salariales, incluída a antigüidade- a parte do prezo correspondente o coste do persoal actualizarase có incremento que se poña de manifesto no referido convenio, é decir un 5,51%, adxuntase copia da certificación da Asociación provincial de empresarios de limpeza de edificios e locais de Pontevedra.

O desglose da oferta económica que no seu día presentou a empresa, cúa revisión de prezos xa aprobada para o ano 2004, é a seguinte:

Coste Man de Obra	Porcentaxe da revisión	Coste revisado
925.611,88	5,51 %	976.613,09 euros/ano.

En canto os restantes compoñentes do coste do servizo, revisarase mediante a aplicación do IPC correspondente, que para o ano 2004 foi do 3,2%:

Coste restante do contrato	IPC	Coste revisado
76.518,65 euros	3,20%	78.697,26 euros/ano.

O prezo total do contra, unha vez revisados os compoñentes do mesmo, mediante a aplicación do incremento do coste de man de obra aprobado no Convenio Provincial e a aplicación do IPC da anualidade anterior (decembro 2003/2004), quedará fixado para o ano 2005, na cantidade de 1.055.580,34 euros/ano, o que equivale a 87.965,03 euros mes.

O contrato de limpeza da casa do Concello e outros locais municipais, propios e arrendadas, atopase na actualidade na primeira anualidade de prorroga das previstas no prego de cláusulas Administrativas que rexeu a contratación (en dito prego prevese a posibilidade de prorrogar o contrato por dúas anualidades en total), a presente prorroga vence o 31 de decembro do presente ano, xa que a empresa ven prestando o servizo de forma satisfactoria, interesaría a prorroga do mesmo pola anualidade restante, que comenzaría o 1 de xaneiro de 2006 e remataría o 31 de decembro de 2007.”

De seguido a técnica asinante propón a aprobación do texto que figura na parte dispositiva deste acordo.

De conformidade co anterior informe-proposta, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de Limpeza da Casa do Concello, e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, adxudicado a empresa Limpiezas del Noroeste, S.A., fixando o mesmo para o ano 2005, na cantidade de 1.055.580,34 euros/ano, o que importa un prezo mensual de 87.965,03 euros/mes.

Segundo.- Prorrogar o contrato de limpeza da Casa do Concello e outrats dependencias municipais, propias ou arrendadas, polo periodo que media entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de dito ano, correspondente ésta a última das prorrogas das previstas no prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación.

Terceiro.- Que polo servizo de Patrimonio e Contratación, dado que a anualidade 2006/2007 corresponde a última das previstas para dita contratación, se inicien os trámites para a contratación por concurso de dito servizo

40(1240).- REVISIÓN DE TARIFAS NO APARCAMENTO DA PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 17353/240.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe da técnico de Administración Especial de Patrimonio e Contratación de data 22 de agosto de 2005, intervenido e conformado polo Interventor Xeral:

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da entidade “Eloymar y Tranvías Electricos”, U.T.E.”, adxudataria da concesión de dominio público para a elaboración do proxecto de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos na Praza da Independencia, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº de doc. 50141028, en data 11 de xulio de 2005, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando polo utilización de dito aparcamento.

A posibilidade de revisión de tarifas, obxecto da presente solicitude, aparece recollida na cláusula IX do prego de cláusulas administrativas que rexeron a adxudicación de dita concesión, manifestando que dita revisión poderase aplicar a partir do transcurso do primeir ano da posta en funcionamento e sucesivos, conforme ás variacións do IPC do periodo anual inmediato ó anterior.

Segundo documentación que se acompaña, a acta da recopceión parcial e provisional dos aparcamentos, foi aprobada polo pleno do Concello en data 26 de abril de 2001, polo anterior, o incremento do IPC a aplicar sería o comprendido entre esa data e o mes de maio do ano no que se solicita a revisión, é decir abril 2001/abril 2005, que segundo datos do Instituto Nacional de estadística ascende a 13,6%.

Tendo en conta que a tarifa horaria que na actualidade e dende a adxudicación se veñen aplicando é de 1 euros, a tarifa revisada quedaría establecida na cantidade de 1,14 euros ive engadido.”

Seguidamente a técnico informante fai a proposta que figura coma texto dispositivo deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co anterior informe-proposta, acorda:

Aprobar a revisión de Tarifas no aparcamento da Praza da Independencia, adxudicado á entidade UTE. “Eloymar y Tranvías Eléctricos de Vigo”, a partir do mes de maio do presente ano, 2005, fixando dito incremento, segundo a variación do IPC no período abril 2001/maio de 2005, na porcentaxe dun 13,6 %, polo que no caso da tarifa horaria quedaría establecida na cantidade de 1,14 euros, quedando o resto das modalidades das tarifas, que se xiran no aparcamento, modificadas na mesma proporción.

41(1241).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE OBDULIA LASTRE FRANCISCO POR EXPLOTACIÓN DE POSTO EN PRAIAS. EXPTE. 852/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto que con data 14-09-05 o xefe de negociado de Contratación informa que “os servizos a que se refiren os precedentes escritos foron prestados de acordo coas disposicións sinaladas no prego de condicións que serviu de base á contratación”; o 16-09-05 o Interventor Xeral informa da “inexistencia de inconveniente para que se proceda á devolución da garantía constituída por Obdulia Lastra Francisco por importe de 360,61€ e 360€, segundo carta de pagamento nº 38919/01 e 30760/04 de data 27-07-01 e 25-06-04...”.

Con data 19-09-05 o xefe de negociado de Contratación emite informe-proposta favorable.

En conformidade co informe-proposta antedito de 19-09-05, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Devolver a Obdulia Lastra Francisco con cargo ás fianzas de 360,61€ e 360€, constituídas para responder da explotación de postos de verán xa que o servizo foi prestado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

42(1242).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE DUMBO, S.L., POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE GARDERÍA.. EXPTE. 846/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 16 de setembro de 2005 do xefe de negociado de Contratación, o informe da Intervención Xeral de data 9 de setembro de 2005 de “*inexistencia de inconveniente para que se proceda á devolución da garantía constituída por Dumbo, S.L. por importe de 5.566,77€, segundo a carta de pagamento nº 33384/99 de data 13-07-99...*”

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co antedito informe-proposta, acorda:

Devolver a Dumbo, S.L. a fianza de 5.566,77 euros, constituída para responder da xestión da gardería de Lavadores xa que o servizo foi prestado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

43(1243).- RECLAMACIÓN DE D^a. BEATRIZ COMESAÑA SOUTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 351/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio de data 22 setembro de 2005, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Beatriz Comesaña Souto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de setembro de 2004, polos danos sufridos na súa motocicleta Suzuki 1000 matricula PO-5142- BJ, cando, o día 14 de maio de 2004, estando estacionada no Camiño Devesa, á altura do nº 26, caeu o chan ó afundirse o firme da vía por mor da pouca consistencia do asfalto.

A reclamación sustánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, no que os axentes actuantes corroboran a existencia dunha focha na calzada blanda ó tacto e fan unha relación detallada dos danos que presenta a motocicleta.*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 10/12/2004, manifestando que “o Camiño Devesa foi asfaltado por parte desta unidade de Vías e Obras en colaboración coa Excelentísima Deputación de Pontevedra con aglomerado en frío. O accidente ó que se refire o expediente produciuse como consecuencia da pouca consistencia do aglomerado frío o levar poucas datas extendido”.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 14/01/2005, comunicando que “os prezos contidos no informe pericial de Juan Casiano Fandiño García por un importe de 843,02 euros IVE incluído son correctos e proporcionais á descripción dos danos”.*

Fundamentos de dereito:

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de tal modo que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, dos informes obrantes no expediente, da Policía Local e do servizo de Vías e Obras, dedúcese que a pouca consistencia do aglomerado, por ter asfaltado a vía en datas próximas o accidente, ocasionou que o firme cedese o estacionarse a moto enriba e este afundimento da calzada foi a causa eficiente dos danos do vehículo, polo que estos poden vincularse ó funcionamento do servizo público e esta Administración deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de dona Beatriz Comesaña Souto, indemnizándolle na coantía de 843,02 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe

44(1244).- RECLAMACIÓN DE D. EDUARDO M FANDIÑO VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 16751/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio, de 14 de setembro de 2005, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes de feito

Don Andrés F. Mariño Vilar, en nome e representación da U.T.E. Aqualia-FCC, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de xullo de 2005, interpón recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de 16 de maio do mesmo ano, que lle foi notificada o 10 de xuño, e na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Eduardo M. Fandiño Vázquez, polos danos e perdas derivados dun traspés ó ceder unha arqueta pertencente ó servizo de abastecemento e saneamento de augas e declárase que a responsabilidade dos danos correspóndelle a U.T.E. Aqualia-FCC, empresa concesionaria do devandito servizo público.

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- O Sr. Mariño alega que a resolución recorrida vulnera o artigo 139 da LRXAP, por canto contén un pronunciamento alleo ó obxecto do procedemento xa que se trata dun expediente de responsabilidade patrimonial dirixido fronte á Administración e no mesmo se declara a responsabilidade da concesionaria, polo que considera que se incorre nunha incongruencia proscriba polo artigo 89.2. da mesma lei. Alega, así mesmo, que a teor do disposto no artigo 97 da LCAP, que xunto co citado artigo 139 da LRXAP estima que derrogan de maneira implícita ó artigo 121 da LEF, de Expropiación forzosa, é potestade do prexudicado, con carácter previo á interposición da acción de responsabilidade, ó solicitar o pronunciamento do órgano de contratación sobre a cal das partes contratantes – neste caso, Concello ou concesionaria do servizo de saneamento - correspóndelle a posíbel responsabilidade. Aínda que considera que tal opción non se utilizou polo reclamante, de ahí que segundo o recorrente non caiba o pronunciamento adoptado, e a resolución deba aterse ós termos da reclamación realizada: a existencia ou non de responsabilidade desta Administración no sinistro que motiva o expediente. No entanto, á vista do artigo 2.2 do Código Civil que establece que “as leis só se derrogan por outras posteriores. A derogación terá o alcance que expresamente se dispoña e se extenderá sempre a todo aquilo que na lei nova, sobre a mesma materia, sexa incompatible coa anterior”, non cabe a derogación implícita, senón que esta debe ser expresa e, polo tanto, son plenamente aplicábeis ó caso os artigos 121 e 123 da LEF. Por outra banda, é doutrina xurisprudencial consolidada que é obriga da Administración, ante a reclamación de danos do prexudicado, no caso de que exista un concesionario ou contratista interposto, actuar na forma ordeada tanto pola LEF, como pola lexislación sobre contratación das Administracións públicas, e en caso contrario, condénase á Administración a asumir a responsabilidade, se ben, a teor da Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 6ª), de 7 abril 2001 (Recurso de Apelación núm. 3509/1992) “sin perjuicio de su desplazamiento sobre el responsable, puesto que los preceptos citados han pretendido, sin duda, en estos casos permitir al particular una paridad de trato en relación con otros casos en que la Administración es directamente imputable, pero sin perjuicio de que la responsabilidad recaiga sobre el patrimonio de quien realmente corresponde porque es quien tiene obligación de soportarla, doctrina jurisprudencial que late también en las Sentenzas de esta Sala de 9 de mayo de 1989, 9 de mayo de 1995 (recurso contencioso-administrativo núm. 527/1993), 12 de febrero de 2000 (recurso de apelación 3342/1992) y 8 de julio de 2000 (recurso de casación 2731/1996)”.

Segundo.- O recorrente alega que non consta acreditada no expediente a necesaria relación de causalidade entre o evento danoso padecido e o anormal funcionamento do servizo público que xestiona esta empresa. No entanto, o accidente debeuse a existencia dunha arqueta que basculaba ó pisar enriba da mesma, e trátase, polo tanto, dun defecto oculto e imprevisíbel para os viandantes, aínda no caso de extrema dilixencia no control da propia deambulación, dato este corroborado tanto pola testemuña presencial dos feitos, como polo informe do xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, de data 29 de decembro de 2003, que consta no expediente administrativo, comunicando que “se han realizado las actuaciones necesarias para la subsanación de las anomalías expuestas”, polo tanto, a propia empresa recoñeceu a existencia de anomalías na arqueta causante do accidente.

Terceiro.- Por último, o Sr. Mariño alega que a resolución, sen motivación de ningún tipo, asume o importe da reclamación realizada, a pesar de que non se xustifica de maneira adecuada. Constan no expediente os partes médicos de baixa e alta de incapacidade temporal e, en base ós mesmos, solicitouse unha valoración dos danos corporais á asesoría médica do Concello, cuxo resultado asúmese polo instructor.

Cuarto.- Consonte o artigo 116 da LRXAP “os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os dictou”, polo que resulta competente para resolver o presente recurso a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o Recurso de Reposición interposto por don Andrés F. Mariño Vilar, en nome e representación da U.T.E. Aqualia-FCC, en data 8 de xullo de 2005, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(12245).- RECLAMACIÓN DE AXA AURORA IBÉRICA DE SEGUROS Y REASEGUROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 180/243.

Con data 16 de setembro de 2005 a técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio emite o seguinte escrito:

CORRECCIÓN DE ERROS

En data 26 de xullo de 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a resolución que pon fin á reclamación patrimonial nº 180/243, interposta por D. Fidel Díez Udías, en nome e representación de AXA Aurora Ibérica de Seguros y Reaseguros e de D. Jesús María Louzao Boquete. No entanto, ó redactar o informe, cometeuse un erro no punto segundo, ó transcribirse un dos nomes. Correxido o erro, o acordo quedaría redactado do seguinte modo:

“1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Fidel Díez Udías presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de Axa Aurora Ibérica de Seguros e Reaseguros e de don Jesús María Louzao Boquete.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo de conformidade co establecido no corpo do informe, debendo dita empresa indemnizar ós reclamantes coas seguintes cuantías: 582,39 euros á aseguradora AXA e 180,31 euros a don Jesús María Louzao Boquete, correspondentes ó importe aboado polos mesmos para reparar o vehículo”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente escrito.

46(1246).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DE CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PEREIRÓ,. EXPTE. 6205/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 05-09-05 do xefe de negociado de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de Cemiterios, e intervido e conformado pola Intervención Xeral, visto así mesmo o informe da Asesoría Xurídica de 15-09-05, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de execución das obras de construción de columbarios-cinceiros no cemiterio municipal de Pereiró, redactado polo aparellador municipal D. Miguel Angel Carrera Mouriño.

Segundo.- Autorizar o gasto de 69.845,98 euros para a execución do proxecto de execución das obras de construción de columbarios-cinceiros no cemiterio municipal de Pereiró que están consignados nas partidas 443.0.622.00.00.

Terceiro.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por subhasta das obras do proxecto de construción de columbarios-cinceiros no cemiterio municipal de Pereiró.

Cuarto.- Convocar a subhasta para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

47(1247).- SOLICITUDE DE PASE Á SITUACIÓN DE SERVICIOS ESPECIAIS DA FUNCIONARIA D^a MARTA PATRICIA SOUTO GONZÁLEZ EXPTE. 15995/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19-09-05 do técnico de xestión do departamento de Persoal que di o seguinte:

Con data de entrada no rexistro xeral do concello de 16 de setembro de 2005, a funcionaria municipal D^a MARTA PATRICIA SOUTO GONZÁLEZ, técnica de normalización lingüística, co núm. persoal 23840, solicita se lle conceda a situación administrativa de servizos especiais, con data 16 de setembro actual, ó ser nomeada Delegada Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, segundo Decreto 497/2005, do 15 de setembro anterior e publicado no DOG o citado día 16 do dito mes.

Informe:

De conformidade co disposto no artigo 29.2 da lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, os funcionarios serán declarados en situación de servizos especiais cando sexan nomeados altos cargos dos órganos de goberno das comunidades autónomas que non deban ser provistos necesariamente por funcionarios públicos (art. 29.2.c)) ou cando sexan nomeados para calquera cargo político do que se derive incompatibilidade para o exercicio da función pública (art. 29.2.j).

En consideración á norma invocada, cumpre informar que o nomeamento para o cargo de Delegada Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia debe motivar o pase á situación administrativa peticiónada pola interesada.

No que atinxe á resolución da presente solicitude, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, polo que se propón adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar en situación de servizos especiais á funcionaria, técnica de normalización lingüística deste concello, D^a Marta Patricia Souto González, (núm. persoal 23840), con efectos económicos e administrativos dende o día 16 de setembro de 2005, polo desempeño do cargo público de “Delegada Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte”, segundo o disposto no art. 29.2 da lei de medidas para a reforma da función pública, en concordancia cos artigos 4 e seguintes do Rd 365/95, de 10 de marzo, sobre situacións administrativas dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

A declaración desta situación administrativa comportará a reserva da praza e destino da funcionaria.

Así mesmo, computaráselle o tempo que permaneza en dita situación a efectos de trienios, ascensos, dereitos pasivos e consolidación do grao.

Durante o tempo de permanencia nesta situación administrativa, a funcionaria non percibirá as retribucións do posto de traballo reservado nesta administración.

Segundo.- O reingreso ó servizo activo, deberá ser solicitado no prazo dun mes a contar dende a data que se produza o cese no cargo público para o que foi concedida a situación de servizos especiais. Noutro caso, decretaráselle, sen máis trámite, a declaración de excedencia voluntaria por interese particular, cos efectos legais que esta situación comportaría.

Terceiro.- A presente resolución quedará condicionada a que a interesada presente, a súa toma de posesión no novo cargo, no prazo de dez días hábiles seguintes a contar dende a data na que se produce o pase a esta situación.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(1248).- ABOAMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D^a. TERESA ANDRÉ LORENZO POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS EXPTE. 15958/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 30-08-05 do técnico de organización do departamento de Persoal que contén a conformidade do Alcalde Acctal. para a imputación do gasto con cargo ó Capítulo I, visto así mesmo o informe do técnico de intervención do 15-09-05, conformado polo interventor xeral que di “ ... a partida presupostaria 1210.1500000 “Productividade” contén crédito en contía suficiente para abranquer o gasto proposto de 2.565,89”, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Recoñecer e aboar á funcionaria D^a M^a Teresa André Lorenzo (núm. persoal 18603) a cantidade bruta de 2.565,89 euros en concepto de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria amosada con motivo da acumulación de funcións durante o período de baixa laboral por maternidade da xefa de negociado D^a Mónica Escariz Couso, autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de outubro de 2004.

Segundo.- Déase traslado da presente resolución á interesada, Unidade de Persoa, Intervención Xeral, Comité de Persoal e ó Rexistro Xeral para exposición pública por prazo de dez días no Taboleiro de Edictos.

49(1249).- SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUÍDO Ó FUNCIONARIO D. JOSÉ MANUEL DÍAZ IGLESIAS, POLO PERIODO DUN MES. EXPTE. 15965/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do técnico de organización de Persoal de data 16-09-05, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Autorizar a D. José Manuel Díaz Iglesias (núm. de persoal 14143), auxiliar de administración xeral, un permiso sen soldo por asuntos personais dunha duración dun mes, que comeza o día 1 de outubro de 2005.

Segundo.- Durante a súa duración o empregado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

50(1259).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PRESTADOS DE GRAN GALA POLA POLICIA LOCAL NA PROCESIÓN DO CRISTO. EXPTE. 15968/220.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta de data 2 de setembro de 2005 da técnica de RR.HH, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, visto así mesmo que o informe de data 14-09-05 do técnico de Intervención, conformado polo interventor xeral di “ ...existindo no vixente documento presupostario para o ano 2005 crédito suficiente na partida presupostaria 1210.1510000 “Gratificacións”, para facer fronte ó gasto por servizos especiais e extraordinarios do persoal reflectido no expediente”,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Procesión do Cristo” aboarase ó persoal da Policía Local que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por D. Moisés Calvar Rios e rematan por D. Antonio Torrado Rodríguez, por unha cantidade total de 982,98€ (novecentos oitenta e dous euros con noventa e oito céntimos).

51(1251).- PRÓRROGA DE CONTRATO POR UN PERÍODO DE 3 MESES DUN SUBALTERNO PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA “CEDRO”. EXPTE. 16008/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 1-09-05 do técnico de organización do departamento de Persoal e visto que con data 19-09-05 o técnico de Intervención informa que “*Dentro do ámbito presupostario, a partida 1210.1400000 “Outras modalidades de contratación temporal”, non contén cobertura suficiente para atender ó gasto de 4.248,65 € poposto. Aínda malia iso, tense constancia do compromiso por parte da Oficina de Persoal dun futuro traspaso dos créditos necesarios para paliar o déficit, polo que non existe inconveniente en que se continue coa tramitación en marcha sempre e cando se instrumente a correspondente Modificación de Créditos antes do remate de exercicio”*

A Xunta de Goberno Local acorda:

Prorrogar por un período de tres meses (1 de outubro ó 31 de decembro de 2005) o contrato subscrito en data 1 de xullo de 2005, por un período de tres meses, co subalterno, D. Alejandro Romay Loureiro, NIF 53.170.093-G, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

52(1252).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA CONCELLERÍA DE TURISMO PARA ASISTENCIA CON STAND INSTITUCIONAL ÁS FEIRAS: CONXEMAR, EXPOGALAECIA, SALÓN DAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE, WORLD TRAVEL MARKET E SALÓN Náutico de París. EXPTE. 1676/104

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta de data 29-08-05 do xefe do servizo de Turismo e Comercio conformado pola concelleira-delegada de Desenvolvemento Local, Promoción Económica, Turismo e Comercio e así mesmo intervido e conformado pola Intervención Xeral, visto o informe complementario de desglose de gastos para a presenza institucional do Concello en distintas Feiras,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Autoriza-la asistencia institucional do Concello de Vigo o Forun de Loxistic-a (Cotogrande, 21 e 22 de setembro), Conxemar 2005 (VII Feira Internacional de Productos do Mar Conxelados), que se celebrará do 4 ó 6 de outubro en Cotogrande, a ExpoGalaecia (VIII Salón de Turismo, Gastronomía e Artesanía), que terá lugar no IFEVI do 28 de outubro ó 1 de novembro de 2005, ó Salón das Denominacións de Orixe e Delicatessen, do 7 ó 9 de novembro no Recinto Feiral, a WTM de Londres (World Travel Market 2005), que se celebrará na cidade de Londres do 14 ó 17 de novembro e ó Salón Náutico Internacional de París, que terá lugar na cidade francesa do 2 ó 12 de decembro.

Segundo.- Que a relación de gastos que se derivan da participación de Vigo nos oito eventos é dun total de 68.000 €, con cargo o RC 39351 da partida 1110.226.01.00 “Gastos organo de goberno”

Terceiro.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D. Carlos Soto Álvarez, con DNI nº 35.966.988-W a cantidade de 68.000 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada nº 2080 0000780040246105”

53(1253).- GASTOS POR ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO ÁS FEIRAS DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2005. EXPTE. 1713/104.

Examinadas as actuacións, visto o informe-proposta de data 15 de setembro de 2005 do xefe do Servizo de Turismo, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local, Promoción Económica, Turismo e Comercio e intervenido e conformado así mesmo pola Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Autoriza-la asistencia institucional do Concello de Vigo o Forun de Loxistic-a (Cotogrande, 21 e 22 de setembro), Conxemar 2005 (VII Feira Internacional de Productos do Mar Conxelados), que se realizará do 4 ó 6 de outubro en Cotogrande, a ExpoGalaecia (VIII Salón de Turismo, Gastronomía e Artesanía), que terá lugar no IFEVI do 28 de outubro ó 1 de novembro de 2005, ó Salón das Denominacións de Orixe e Delicatessen, do 7 ó 9 de novembro no Recinto Feiral, a WTM de Londres (World Travel Market 2005), que se celebrará na cidade de Londres do 14 ó 17 de novembro e ó Salón Náutico Internacional de París, que terá lugar na cidade francesa do 2 ó 12 de decembro.

Segundo.- Que a relación de gastos que se derivan da participación de Vigo nos oito eventos é dun total de 12.000 €, correspondente os gastos de locomoción, dietas e transporte”

o Gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000 do presuposto para o ano 2005	4.500 euros
o Dietas, con cargo á partida 7510 2300000 do presuposto para o ano 2005	2.800 euros
o Dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100 do presuposto para o ano 2005	2.700 euros
o Gastos de transporte do material promocional ata París, con cargo a partida 7510 2230000 (transporte a feiras) do presuposto para o ano 2005	2.000 euros

--	--

Terceiro.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

Cuarto.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D. Carlos Soto Álvarez, con DNI nº 35.966.988-W a cantidade de 12.000 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada nº 2080 0000780040246105”

54(1254).- APROBACIÓN INICIAL DO PERI DOS POLÍGONOS “U.E.I-03 METALÚRXICA”E “U.E. I-04 UNIÓN CERVECEIRA”. EXPTE. 9440/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 29 de agosto de 2005:

FEITOS

1º.- No Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitáronse no solo urbano dous polígonos colindantes denominados "UE I-03 Metalúrxica" e "UE I-04 Unión Cervecera". Fixouse para ambos como sistema de actuación o de compensación, e remitiuse a súa ordenación pormenorizada a senllos Estudos de Detalle de acordo cos convenios urbanísticos asinados cos propietarios, respectivamente, nos días 13/11/1986 e 14/07/1989, ratificados logo polo Concello.

2º.- En data 31/07/1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 12 do PXOU-93 (expte. 4247/411, BOP núm. 163, do 26/08/1997). En virtude desa modificación déuselle unha nova redacción á norma urbanística "3.4" e á ordenanza "1.2" de edificación aberta. Tamén se ordenou directa e detalladamente dende o propio Plan Xeral o ámbito comprendido polas Unidades de Execución "I-03 Metalúrxica" e "I-04 Unión Cervecera", entre outras.

3º.- No 27/06/2002 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) dictou Sentenza no recurso cont.-ad. 2/4072/1998 interposto pola "Asociación Empresarial de Hospedaxe de la Provincia de Pontevedra" contra a citada modificación puntual núm. 12 do PXOU-93.

Nela, o Tribunal considerou en primeiro termo (FD "TERCERO") que os convenios urbanísticos subscritos en datas respectivas 13/11/1986 e 14/07/1989 sobre as devanditas Unidades de Execución se incorporaron eficazmente ó PXOU-93. Tamén (FD "CUARTO") que non concorre arbitrariedade nin desviación de poder na referida modificación puntual núm. 12, así como que: "En todo caso, la edificabilidad sobre rasante atribuida en las antiguas fichas de las UE I-03 y 04 es la misma que la que figura en las nuevas". Sen embargo, a Sentenza anulou a modificación puntual no que se refire ás citadas UE "I-03" e "I-04" polo único motivo (FD "QUINTO") de que a nova ordenación debuxada nos planos do PXOU non se axustaba miméticamente á ordenanza xenérica "1.2" modificada. Conclúe así a Sentenza considerando que:

"Ni las fichas, ni los planos se remiten a planeamientos secundarios, por lo que no es aplicable la posibilidad, prevista en el último párrafo del apartado a. de la Ordenanza 1.2, de definición de otros tipos específicos de bloques abiertos en función de los condicionantes de localización".

Dita Sentenza non é firme, ó ser recorrida en Casación polo Concello perante o Tribunal Supremo. O recurso está aínda pendente de resolución.

4º.- A UE I-03 "Metalúrxica" dispón de Proxecto de Compensación, aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 06/11/2003, con certos condicionantes (expte. 4449/401). O Proxecto de Urbanización dese polígono aprobouse inicialmente o 19/12/1997, atopándose actualmente pendente de aprobación definitiva.

Na UE I-04 Unión Cervecera están pendentes de aprobación os Proxectos de Compensación e Urbanización, anulados por Sentenza firme do TSXG núm. 701/1996 do 17/10/1996 (rec. 2/4906/1994).

5º.- No 13/11/2003 o Consello da Xerencia Municipal acordou: "PRIMEIRO: Iniciar de oficio a redacción e tramitación dun Plan Especial de Reforma Interior no que se recolla a ordenación detallada dos polígonos "U.E. I-03 Metalúrxica" e "U.E. I-04 Unión Cervecera" (expte. 8692/411). SEGUNDO: Suspende-lo procedemento de outorgamento de licencias urbanísticas no ámbito da U.E I-03 Metalúrxica, de acordo co preceptuado no Art. 77 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA)."

Motivouse dito Acordo no sinalado polo TSXG na citada S. do 27/06/2002, a pesares de non ser firme, por motivos de seguridade xurídica, tramitando así de oficio a figura de planeamento correspondente para ordenar detalladamente o ámbito afectado, consonte cos criterios do propio Tribunal.

6º.- No 17/12/2004 o arquitecto D. Enrique Acuña Fernández presentou na Xerencia Municipal de Urbanismo o Plan Especial de Reforma Interior do ámbito de referencia, de iniciativa pública, redactado mediante contrato de asistencia técnica. No 28/01/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe ó respecto. En agosto de 2005 presentouse a versión final do PERI, que foi informado de novo polo arquitecto técnico no 17/08/2005.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Como se expuso na relación de Antecedentes, o TSXG considerou válidamente incorporados ó PXOU-93 os Convenios Urbanísticos das Unidades de Execución "I-03 Metalúrxica" e "I-04 Unión Cervecera" asinados respectivamente no 13/11/1986 e 14/07/1989.

A posterior modificación puntual núm. 12 do PXOU-93, aprobada no 31/07/1997, non incrementou a edificabilidade de ditos polígonos. Simplemente limitouse a detallar sobre o plano a ordenación precisa dese ámbito.

O Tribunal considerou na súa referida Sentenza do 27/06/2002 (FD "QUINTO" in fine), que existía unha contradicción entre o debuxado nos novos planos de ordenación do Plan Xeral e o disposto nas ordenanzas xenéricas "1.2" e "1.1". Ó seu parecer ditas ordenanzas permiten en casos especiais debidamente xustificados a reconfiguración dos volumes, pero sempre coa mediación do planeamento secundario.

II.- O Art. 62.1 da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) preceptúa que: "Os plans parciais e plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida no plan xeral de ordenación" co cumprimento de certas determinacións básicas do planeamento xeral.

Neste caso, resulta posible a ordenación detallada do ámbito de referencia mediante un Plan Especial de Reforma Interior que cumpra coas determinacións básicas do PXOU-93, anteriores e posteriores á modificación puntual núm. 12 referida.

A pesares de que a citada Sentenza do TSXG do 27/06/2002 anulatoria desa modificación puntual non é firme, nin polo tanto executiva (Art. 104.1 LXCA-98), a redacción e aprobación deste PERI permitirá dar cumprimento ó expresado criterio xudicial, mediante o estudo e establecemento xustificado da ordenación pormenorizada máis axeitada para ese concreto ámbito, con respecto das determinacións vinculantes do PXOU-93.

III.- O procedemento de aprobación deste PERI tramitarase de acordo co disposto no art. 86 LOUGA. É competente para acorda-la súa aprobación inicial a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior dos polígonos "UE I-03 Metalúrxica" e "UE I-04 Unión Cervecera", de iniciativa pública, redactado polos Arquitectos D. Enrique Acuña Fernández e D. Alejandro Arias Novas (expte. 9440/411).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo a tódolos titulares catastrais das fincas incluídas no ámbito do PERI.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(1255).- APROBACIÓN INICIAL PROXECTO DE URBANIZACIÓN NA RÚA CAYETANO PEREIRA DE LIMIA (BOUZAS) ENTRE AS RÚAS SANTA ANA E ENSENADA. EXPTE. 4622/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12 de setembro de 2005 da técnica de Administración Xeral de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A oficina de Planeamento e Xestión desta Xerencia Municipal de Urbanismo, con data setembro de 2005, presenta un proxecto de urbanización da rúa Cayetano Pereira de Limia, entre as rúas de Santa Ana e Ensenada, Bouzas, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal don Juan Aguirre Rodríguez, e que consta dos seguintes documentos:

- *-Memoria xustificativa e de servizos urbanísticos*
- *-Estudo básico de seguridade e saúde*
- *-Bens e dereitos afectados*
- *-Reportaxe fotográfica*
- *-Presuposto*
- *-Prego de condicións*
- *-Planos*

O Pleno do Concello, en sesión do 30 de setembro de 2002, aprobou definitivamente o Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas, ámbito clasificado segundo o Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia como solo urbano consolidado.

O proxecto de urbanización redáctase para cumprir co contido do citado PEPRI do Casco Histórico de Bouzas, que prevé que o treito da rúa obxecto do proxecto de urbanización, rúa Cayetano Pereira de Limia, entre as rúas Santa Ana e Ensenada, sexa un espazo peonil.

O PEPRI do Casco Histórico de Bouzas contempla a ampliación da superficie dese treito de rúa mediante a explotación dunha parcela de 56,00 m², de titularidade privada e obxecto do expediente 184/413.

Na actualidade; o espazo sobre o que se vai actuar está pavimentado nun ancho aproximado de 2,50 m con taco e adoquín. O resto está en parte ocupado pola parcela de titularidade privada, delimitada con muros de fábrica de sillería e, en parte, por outra parcela de titularidade municipal; aberta e cun acabado superficial en terra.

Seguindo as directrices contidas na memoria do PEPRI, Documento IV normativa urbanística, en particular os artigos do Título V Obras de infraestrutura, o pavimento constrúirse con taco de adoquín de características similares ás actuais e ao empregado noutras rúas de Bouzas, sobre base de formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor.

O cruce coa rúa Ensenada repavimentarase co mesmo adoquín prefabricado que se empregou na construción da mesma.

No apartado de servizos urbanos, e tras consultar á concesionaria do abastecemento e saneamento, non se plantexan as substitucións desas redes; exclusivamente se actuará en pechar a malla do abastecemento pola rúa Santa Ana e en mellorar a recollida de pluviais no encontro coa rúa Ensenada.

Disporanse dous disuasores de tráfico coma os de todas as rúas que conflúen coa rúa Ensenada, unha papeleira e reporase a árbore que falta na esquina da rúa Ensenada.

DEREITO

O proxecto axústase ao disposto no artigo 110 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, e artigos 67 a 70 do Regulamento de planeamento urbanístico do 23 de xuño de 1978, razón pola que os técnicos municipais informan favorábelmente o proxecto, sen prexuízo de que durante a tramitación do expediente e en relación cos concretos servizos que lles compete, faga o propio a Oficina de Electromecánicos.

O citado artigo 110 da Lei 9/2002, no seu apartado 5, dispón que os proxectos de urbanización serán aprobados polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia en un dos xornais de maior circulación da provincia. A vista do resultado da información pública; o órgano municipal aprobaraos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

De conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a competencia para a aprobación dos proxectos de urbanización correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo eleve á Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxectode urbanización da rúa Cayetano Pereira de Limia, entre as rúas Santa Ana e Ensenada, no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas, redactado pola oficina de Planeamento e Xestión desta Xerencia Municipal de Urbanismo en setembro de 2005.

SEGUNDO.- Someter o expediente número 4622.401 a información pública durante o prazo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior circulación na provincia.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

56(1256).- APROBACIÓN INICIAL PROXECTO EXPROPIATORIO NA RÚA CAYETANO PEREIRA DE LIMIA (BOUZAS) ENTRE AS RÚAS SANTA ANA E ENSENADA. EXPTE. 184/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12-09-05 da técnica de Administración Xeral de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Concello-Pleno en sesión do 30 de setembro de 2002 aprobou definitivamente o Plan especial de protección interior reforma interior do Conxunto histórico de Bouzas ámbito clasificado segundo Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do Plan xeral de ordenación urbana de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia como solo urbano consolidado.

Dentro do cuarteirón número 1 prevese a expropiación dunha parcela propiedade de Benigno Freire Costas e outros, situada na rúa Cayetano Pereira de Limia, s/n, rúa Ensenada, s/n, rúa Santa Ana, referencia catastral 03508 01, cunha superficie de 56,00 m2, que se describe na ficha correspondente do PEPRI como solar sen valar, no que deberá actuarse co obxecto de completar a definición da rúa Ensenada. Nas observacións da ficha do catálogo indícase que se tratará a medianeira e se incorporará como espazo libre de uso público a obter por expropiación, zona peonal.

O proxecto expropiatorio redáctase polo arquitecto municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 23 de xuño de 2005, no que se determina o ámbito e terreos obxecto da expropiación cos documentos que o identifican en canto a situación, superficie e lindeiros; fijación de prezos coa valoración razoada do solo, edificacións e dereitos; e folla de prezo xusto individualizado do predio, na que se contén o valor do solo e posíbeis obras, instalacións e edificacións en xeral existentes no predio.

VALORACIÓN XURÍDICA

O 23 de xuño de 2005 o arquitecto municipal redacta o proxecto expropiatorio, que afecta ao dereito de propiedade dunha parcela, 01, segundo proxecto expropiatorio, sendo obxecto de expropiación tanto o solo coma as edificacións que se levantan sobre a mesma,

O custo da expropiación, segundo as valoracións obrantes no expediente, ascende a 47.168,91 euros, existindo consignación orzamentaria suficiente para facer fronte á mesma segundo informe dos Servizos Centrais da Xerencia de data 8 de setembro de 2005.

O artigo 9 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 determina que para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado, e o artigo 10 da dita norma que a utilidade pública enténdese implícita en relación coa expropiación de inmóbeis, en todos os planos de obras e servizos do municipio.

O artigo 94 do Texto refundido das disposicións legais en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establece que as obras comprendidas nos plans de obras e servizos locais, levarán anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios neles abranguidos a efectos da súa expropiación forzosa.

O Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas foi aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión do 30 de setembro de 2002, e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 11 de novembro de 2002 e no Diario Oficial de Galicia o 21 de novembro de 2002.

De conformidade co disposto no artigo 17.2 da LEF cando o proxecto de obras e servizos comprenda a descrición material detallada dos bens e dereitos a expropiar, a necesidade de ocupación entenderase implícita na aprobación do proxecto, pero o beneficiario estará igualmente obrigado a formular a mencionada relación aos únicos efectos da determinación dos interesados.

A relación é a seguinte:

PARCELA	TITULAR	SUPERFICIE
01 Ref. Catastral 03508 01 Rúa Ensenada, s/n, Cayetano Pereira de Limia	Don Benigno Freire Costas Cº Veiguiña, 37, Alcabre	56,00 m2 Destino: ampliación espazo peonil rúa Cayetano P. Limia, Bouzas

O proxecto de expropiación por taxación conxunta contén os documentos esixidos

COMPETENCIA

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, formúlase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar a utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos do presente expediente expropiatorio, consistentes nun predio de 56,00 m2 de superficie afectado pola urbanización e ampliación do espazo peonil na rúa Cayetano Pereira de Limia, esquina rúa Ensenada, no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Bouzas, aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión do 30 de setembro de 2002.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados polo proxecto de urbanización e ampliación da rúa Cayetano Pereira de Limia, esquina rúa Ensenada, PEPRI do Casco Histórico de Bouzas, redactado polos servizos técnicos desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data 23 de xuño de 2005, expediente 184/413.

TERCEIRO.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparecen como titulares de bens ou dereitos.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta así mesmo o informe da técnica dos Servizos Económicos da Xerencia Municipal de Urbanismo do 8 de setembro de 2005, acorda:

Aprobar a proposta contida no precedente informe.

57(1257).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE POLÍGONO NA AVDA. DE GALICIA. EXPTE. 4513/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6 de setembro de 2005 do técnico de Administración Xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o que segue:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/01/1995 o Pleno do Concello acordou: "Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da Avenida de Galicia presentado por PANAMEX e redactado por D. Desiderio Pernas Martínez, coa seguinte particularidade: Deberá recuperarse o regato entubado e crear unha senda de 5 m. polo seu bordo, ademais no seu fronte coa Avda. de Galicia preverase unha beirarrúa de 5 m. con arborizado (...)".

No 08/11/1996 aprobouse definitivamente o Proxecto de Urbanización do devandito ámbito.

No 24/08/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente a delimitación do Polígono, determinando como sistema de actuación o de compensación (Expte. 5834/411).

No 15/11/2001 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o correspondente Proxecto de Compensación (expte. 4257/401).

2.- En data 26/02/2004, o representante da entidade mercantil "Inversiones Cota Mil SL" presentou nesta Administración municipal solicitude de modificación do Proxecto de Urbanización. Achegou ó efecto diversa documentación, que foi rectificada con outra posterior presentada no día 14/01/2005, previo requirimento dos servizos técnicos da Xerencia.

No día 04/02/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas e o técnico de administración xeral emitiron senllos Informes ó respecto.

3.- No día 21/02/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente esta modificación do Proxecto de Urbanización. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días, mediante publicación de anuncios no BOP núm. 68, do 11/04/2005 e no diario Faro de Vigo do 15/04/2005, así como notificación ós interesados.

Durante dito período interpúxose un único escrito de alegacións, subscrito pola entidade concesionaria "Unión Fenosa Distribución" (25/04/2005, doc. 50104883). Déuselle unha copia de dito escrito á promotora "Inversiones Cota Mil SL", que procedeu a respotalo mediante outro presentado no 02/06/2005.

En data 23/08/2005 o enxeñeiro xefe do Servicio Provincial de Estradas en Pontevedra da Xunta de Galicia emitiu Informe favorable sobre esta modificación, coa salvidade de que: "(...) este informe favorable non supón autorización para a súa execución, que deberá ser solicitada a este Servicio Provincial polo peticionario".

No 30/08/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe sobre a citada alegación de "Unión Fenosa" propoñendo a súa desestimación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Esta modificación de Proxecto de Urbanización tramitouse de acordo co disposto no art. 110 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Procede desestimar-la alegación formulada durante o trámite de información pública pola entidade concesionaria "Unión Fenosa" polos motivos sinalados polo enxeñeiro técnico municipal de obras públicas no seu Informe do 30/08/2005 e pola entidade "Inversiones Cota Mil SL" no seu escrito do 02/06/2005 antes citados. Neles

sinálase que nesta modificación puntual non se alteran as infraestructuras eléctricas previstas no Proxecto de Urbanización orixinal aprobado definitivamente no 08/11/1996. Asemade, ditas infraestructuras executáronse xa parcialmente, seguindo as instrucións directas da propia concesionaria do servizo.

Finalmente, lémbrese que tal e como se dispón no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana e se indicou no Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compenación, no momento da recepción das obras de urbanización deberá constituirse unha entidade de conservación que asumirá o mantemento das novas zonas verdes do polígono.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a modificación do Proxecto de Urbanización do polígono da Avda. de Galicia, promovida pola entidade mercantil "Inversiones Cotamil SL", con Memoria e Planos redactados polo enxeñeiro de camiños D. Eloy Fernández-Valdés, visado no 07/02/2004, 23/06/2004, 16/11/2004 e 31/01/2005 (expte. 4513/401).

SEGUNDO: Desestima-las alegacións formuladas pola entidade mercantil "Unión Fenosa Distribución" no 25/04/2005, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo.

TERCEIRO: Antes do inicio das obras na estrada autonómica (Avda. de Galicia) deberán recabarse do Servizo de Estradas da Xunta de Galicia as autorizacións que resulten pertinentes.

CUARTO: No momento da recepción das obras de urbanización constituírase unha entidade de conservación que asumirá o mantemento das novas zonas verdes e espazos libres do polígono.

QUINTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén ó Servizo de Estradas en Pontevedra da Xunta de Galicia, ó coordinador municipal da área de servizos, ás entidades concesionarias de servizos públicos e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aaproba a proposta condia no precedente informe

58(1258).- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CAMBIO DE SISTEMA DE COMPENSACIÓN A CONCERTO E PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO PERI DA U.A. 3 CASAS. EXPTE. 4604/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 8 de setembro de 2005 do técnico de Administración Xeral do departamento de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo que di que segue:

No documento resultante da aprobación definitiva da denominada subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA (resolución plenaria de 29.04.93), remitíase a ordenación da "U-A 3 Casás" a un ámbito de desenvolvemento dun estudio de detalle.

O Pleno do Concello de Vigo, con data 26.11.01, aprobou definitivamente o "PERI da U.A. 3 Casás", cun único polígono para a súa execución, de 16.010 m² de superficie, a desenvolver polo sistema de compensación (expte 5195/411).

Por acordo do Consello da XMU de 9.10.03 deuse aprobación definitiva ó proxecto de estatutos e bases de actuación (expte. 4330/401, apartado segundo da parte dispositiva).

O 25.05.05 don Clemente Pousa Pereira, en representación de "Arealoura, S.A.", presenta escrito no que se comunica que é propietario único das fincas sitas no "PERI Casás" e consecuentemente solicita o cambio de sistema de actuación de compensación a concerto. O mesmo tempo, presenta borrador de proxecto de equidistribución.

O 1.06.05 o arquitecto técnico da oficina de planeamento, informou o seguinte: "(...) Para poder informar o expediente de referencia, é necesario que presente a seguinte documentación por triplicado: - Do contido da memoria, a superficie do ámbito é de 15.943,06 m² e non de 1.043,80 m² tal como figura no cadro do plano nº2. - Na finca adxudicada nº 37, non figura a participación do Concello na mesma. Deberá reformar a descripción da mesma, xustificando o % de aproveitamento para cada propietario. - Deberá delimitar da descripción das parcelas nº 3, 4, 5 e 37, de cesión ó concello polo 10% o referente á titularidade do Concello na mesma en canto a que lle corresponde a edificabilidade por ser titular da parcela orixinal, cando debería dicir que lle corresponde pola cesión do 10% do aproveitamento que fixa o apartado c) do artigo 20 da Lei 9/2002. - Os proxectos de compensación o no seu caso os de equidistribución non poden alterar os trazados do viario aprobado no PERI. Deberá axustar o viario no lateral da parcela 28 ó PERI aprobado. - Deberá presentar un plano de ordenación acotado donde se fixen as dimensións e superficies de cada unha das parcelas resultantes, tanto de residencial, como de comercial, cesións de zonas verdes, equipamentos, viario (...)"

Con posterioridade, a mesma entidade, presenta o 10.06.05 nova documentación.

Con data 13.06.05 o arquitecto técnico municipal da oficina de planeamento, emite novo informe co seguinte contido: "(...) A vista da documentación presentada, DOC nº 50121272e nº 50128141, de datas 25 de maio e 10 de xuño de 2005, por D. Clemente Pousa Pereira en representación de Arealoura, S.A., esta oficina técnica informa que as determinacións que figuran na proposta de equidistribución polo sistema de concerto (artigo 150 da lei 9/2002), obxecto de informe, axústanse ó PERI da U.A. Casás, aprobado definitivamente o 26 de novembro de 2001, expediente 5195/411. O proxecto de equidistribución de propietario único abarca unha superficie de 15.963,86 m², dispoñendo dunha edificabilidade de 7.981,93 m² construídos, dos cales 7.183,74 m² sos de uso residencial e 798,19 m² son de uso comercial. O aproveitamento é de 0,50 m²/m². A superficie destinada ás parcelas edificables é de 9.577,99 m², sendo a superficie destinada a cesións de 6.385,87 m², das cales destinase a zonas verdes 1.632,12 m², a equipamento deportivo 1.402,06 m², a viario de nova apertura 2.767,71 m², a sendero peatonal 60,83 m² e a ampliación de viario existente 523,15 m². A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento é de 798,19 m² construídos e emprázase nas parcelas nº 3, 4, 5 e 37, esta última en proindiviso con outro propietario. Do aproveitamento de 798,19 m², 652,50 m² corresponden ó uso residencial e 145,69 ó uso comercial (...)"

Por acordo da XGL de 27 de xuño de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou a seguinte resolución: "(...) PRIMEIRO.- Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto da <UA 3-Casás> co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4604/401). SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto da <UA 3-Casás>. TERCEIRO.- Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (...)"

O acordo da XGL de 27 de xuño de 2005, foi publicado no BOP o 22 de xullo de 2005. Según certificación de 29.8.05 da secretaría da XMU, durante o trámite de información pública non se presentou ningunha alegación.

O 7 de setembro de 2005, "Arealoura, S.A." presenta escrito no que se matiza a orixe dalgunhas parcelas resultantes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Sistema de execución utilizado e condición de propietario único do promotor.- As parcelas incluídas dentro do polígono do "PERI UA 3 Casás" pertencen a un único propietario, segundo se deduce da escritura pública de protocolización de proposta de equidistribución, outorgada pola entidade mercantil "Arealoura, S.A", ante don Jose María Rueda Pérez, Notario do ilustre Colexio de Galicia (número de protocolo 1.106).

Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimiuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación esixe en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).

Neste suposto, resultou axeitada e incluso recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto. Elo permite aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

O contido do escrito presentado o 7 de setembro do ano 2005, non ten ningunha incidencia no expediente dado que se trata de propietario único. Non obstante, é preciso a modificación da escritura pública de protocolización do proxecto de equidistribución.

II.- Procedemento de aprobación do proxecto de equidistribución e modificación do sistema de actuación.-O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA. A tramitación do Proxecto de Equidistribución establécese no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que: "A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva". De conformidade co disposto no art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC) acumuláronse ambos procedementos nun único expediente, tramitándose conxuntamente.

III.- Efectos da aprobación do proxecto de equidistribución.- De acordo co previsto no artigo 118 da Lei 9/02, o acordo aprobatorio do proxecto de equidistribución implicará a transmisión ó Concello, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación o patrimonio municipal. Así mesmo, implicará a subrogación con plena eficacia real, das fincas antigas polas novas parcelas e quedarán necesariamente afectas as parcelas resultantes ó cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ó sistema de actuación.

IV.-Inscripción no Rexistro da propiedade.- Tendo en conta o disposto no artigo 120 da Lei 9/02, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva, deberase inscribir no Rexistro da propiedade.

V.- Constancia da obriga de conservación das zonas verdes e espazos libres.- Finalmente, incidir na descrición das fincas resultantes contida no proxecto de equidistribución consta correctamente e como carga real a obriga de conservación das novas zonas verdes do polígono, na cota proporcional correspondente.

VI.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- É competente para adopta-lo acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto do "PERI UA 3 Casas".

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución da "PERI UA 3 Casas", promovido pola entidade mercantil "Arealoura, S.A.", formalizado en escritura pública outorgada perante o notario de Vigo don José María Rueda Pérez (protocolo número 1106), coas matizacións derivadas o escrito presentado por "Arealoura, S.A" o 7 de setembro de 2005 que se incorporan ó expediente.

TERCEIRO: Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

59(1259).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA ASTURIAS, ENTRE A RÚA PINO E A TRAVESÍA DE VIGO. EXPTE. 34186/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 05 de setembro de 2005, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo en sesión de 31.01.94, adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización na rúa Asturias (entre Pino e Travesía de Vigo), de acordo coas determinacións da súa aprobación inicial (...)". O documento que se lle deu aprobación, está redactado polo arquitecto don Pablo Ortiz Uribarri a encargo da entidade "Promociones Inmobiliarias Arcober, S.L."

O 21 de xuño de 2001, "Promociones inmobiliarias Arcober, S.L." formaliza escritura de cesión gratuíta previa segregación y liberación de responsabilidad hipotecaria.

O 26 de outubro de 2001, "Promociones inmobiliarias Arcober, S.L." solicita a recepción da obra de urbanización.

Constan no expediente os seguintes informes:

- Informe de departamento de electromecánicos de 26.09.02.
- Informe de Aqualia de 13.01.05.
- Oficio de remisión de documentación a "Telefónica de España, SAU", sen que se informase sobre o particular.
- Informe de "Gas Galicia, S.A." de 17.01.05.
- Informe de "R, Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." de 1.02.05.
- Informe do departamento de montes, parques e xardíns de 4.04.05.
- Informe de "Unión Fenosa, S.A." de 7.03.05.
- Informe de vías e obras de 29.03.05.

Así mesmo, o enxeñeiro técnico de obras públicas, informa o 24 de agosto o seguinte: "(...) concluídas las obras y solicitada su recepción, se remiten los distintos informes sobre los servicios urbanísticos y sobre su ajuste al Proyecto aprobado. Se propone en consecuencia su recepción definitiva, por resultar las obras consecuentes con el Proyecto de Urbanización y el planeamiento en vigor (...)". O 5.09.05 volta a informar o mesmo técnico no seguinte sentido: "(...) como ampliación de mi informe de 24 de Agosto, en relación con los informes de algunas de las empresas suministradoras de servicios urbanos, procede hacer una salvedad. En el caso de esta obra, aprobada en 1994 y ejecutada ese mismo año y el siguiente, el tiempo transcurrido hasta la fecha de los informes de esas

empresas, puede dar lugar a confusión dado que las exigencias técnicas y/o requisitos formales han variado, pudiendo parecer que adolece la obra de determinados servicios. No es el caso, admitiéndose en todos la existencia de los servicios aunque como digo tal vez con algún desfase técnico que no desvirtúa la prestación de los mismos (...)".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas". O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes favorables do enxeñeiro técnico do servizo de vías e obras e do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- Prazo de garantía das obras de urbanización.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP.

4.- Innecesariedade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.

6.- Órgano competente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina do servizo de vías e obras de 29.03.05 e do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento de 24 de agosto e 5 de setembro de 2005, acordar a recepción das obras de urbanización da "Rúa Asturias -entre R/ Pino e Trav. de Vigo-".

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

60(1260).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN VIAL TRANSVERSAL RÚA ESPÍÑEIRO. RESCATE DE AVAIS. EXPTE. 3988/401.

O presente expediente incluíuse por erro na orde do día. Aprobouse na sesión ordinaria desta Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro de 2005.

61(1261).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ORECO, S.A. CONSTITUÍDA POLA AUTORIZACIÓN DE CIRCULACIÓN ATA A RÚA MONTERO RÍOS Nº 4 PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO. EXPTE.46126/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 19 de setembro de 2005 do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro-delegado de Vías e Obras onde se di *“Solicitada a devolución da fianza con data 02-09-2005 e número de documento 50156546, proceuse a facer unha visita de inspección con data 15 de setembro de 2005 e comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.”*

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Proceder á devolución da fianza de 30.000€ (trinta mil euros) a favor de ORECO, S.A.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

62(1262).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO E O CONCELLO DE VIGO PARA A POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE INFORMACIÓN E CONSUMO. EXPTE. 212/302.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social de data 1 de setembro de 2005, conformado polo concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais e co intervido e conforme do interventor xeral do Concello, visto así mesmo o correspondente informe xurídico do 1 de setembro de 2005 ,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” para a posta en marcha e funcionamento dun centro de información e consumo, que terá vixencia dende o 1º de setembro de 2005 ata o 31 de decembro de 2007.

Segundo.- O Concello de Vigo achegará á Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” a cantidade de 13.000 (trece mil euros) euros ó ano ou a parte que proporcionalmente corresponda, con cargo á partida orzamentaria 4440.227.06.00 e/ou á súa bolsa de vinculación.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA POSTA EN MARCHA DUN CENTRO DE INFORMACIÓN E CONSUMO.

Vigo, de setembro de 2005

R E U N I D O S

Dunha parte: a Excm. Sra. Dª Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

E doutra: Dª Rosa Mª Insua Campoo actuando en representación da Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”.

E X P O Ñ E N

Primeiro.- O artigo 51.2 da Constitución española establece que os poderes públicos promocionarán a información e educación dos consumidores e usuarios.

Segundo.- O Concello de Vigo ten entre os seus obxectivos o de establecer as liñas xerais de actuación no ámbito do consumo; fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, achegando para elo os fundamentos básicos necesarios para conseguir “consumidores responsables” con coñecementos cada vez maiores de dereitos e deberes neste campo.

Terceiro.- As competencias que obxetiva o Concello en materia de defensa da saúde e dos lexítimos intereses económicos e sociais dos consumidores e usuarios, regúlanse nos termos que dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei reguladora de bases de réxime local; Lei 26/1984, de 29 de xullo, xeral para a defensa de consumidores e usuarios; Lei 12/84, de 28 de decembro, do Estatuto Galego de Consumidores e Usuarios; Lei 14/86, de 25 de abril, xeral de sanidade; Real Decreto 1945/83, de 22 de xuño e demais disposicións concordantes.

Cuarto.- A Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” contempla entre os seus fins, os de impulsar os intereses de amas de casa e consumidores para súa defensa, estudando os problemas; abrindo canles para súa solución; organizando cursos, conferencias, etc.

Por todo o exposto, ambas partes, de común acordo establecen un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

C L A U S U L A S

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, establecen un convenio de colaboración que ten por obxecto ampliar e diversificar a oferta formativa en materia de consumo que de resposta á demanda de mozos e mozas e demais colectivos interesados.

SEGUNDA.- A fin de executar as actividades do convenio, crearase un área permanente de información e consultas, datada de recursos humanos e material adecuado que incluírá os seguintes ámbitos de actuación:

1) Alimentación e saúde.

- 2) *Información e comunicación.*
- 3) *Dereitos e deberes dos consumidores.*
- 4) *Formación do consumidor desde a mais temprana idade, desenvolvendo programas por niveis educativos.*

TERCEIRA.- *A actividade levarase a cabo tanto no domicilio social da Asociación, onde estará establecida a área permanente de información, coma nos colexios.*

CUARTA.- *A asociación “Agarimo” comprométese a impartir a información ós colectivos que a demanden, mediante cursillos programados que se impartirán nos locais da asociación.*

QUINTA.- *A actividade nos colexios realizarase durante os cursos escolares 2005/2006, 2006/2007 e 2007/2008, programando as visitas en horario de mañá e impartindo as explicacións oportunas por persoal especializado.*

SEXTA.- *O persoal que impartirá a información e charlas, tanto no domicilio da Asociación coma nos centros escolares, dependerá directamente da mesma, sen que en ningún caso se estableza vínculo laboral algún co Concello de Vigo, correndo pola conta da Asociación Amas de Casa e Consumo “Agarimo” toda clase de obrigacións.*

SÉTIMA.- *Todos os materiais e instrumentos necesarios para o correcto funcionamento do convenio serán aportados pola Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, excepto nos casos nos que sexa o Concello o que realice dita contribución.*

OITAVA.- *Como axuda para o funcionamento do centro de información e consumo, o Concello de Vigo achegará con cargo á partida orzamentaria 4440.227.06.00, a cantidade de 13.000 (trece mil) euros ó ano.*

NOVENA.- *A Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” comprométese a:*

- a) *Levar a cabo as actividades, proxectos ou accións que se especifican na cláusula segunda, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar polas partes, e segundo as prioridades marcadas desde o Concello de Vigo*
- b) *Dispoñer dos medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento daqueles.*
- c) *Facerse cargo dos pagos de cantidades a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugamento, etc., motivados polas accións emprendidas por efecto do convenio.*
- d) *Presentar o Concello os informes do desenvolvemento das actividades, así como unha memoria completa ó rematar cada unha das anualidades.*
- e) *Atender as indicacións do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*
- f) *Participar nas reunións de coordinación marcadas, a petición do persoal técnico do Concello.*

DÉCIMA.- *O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:*

- a) *Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliacións das accións.*
- b) *Dispoñer dos medios económicos para facer fronte ó financiamento do presente convenio.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- *O presente convenio ten vixencia ata o día 31 de decembro de 2007. Non obstante, poderá resolverse por algunha das seguintes causas:*

- *Mutuo acordo das partes.*
- *Incumprimento dalgunha das partes de calquera das cláusulas contidas no convenio*
- *Denuncia de calquera das partes cando sobreviñesen causas que impedisen ou dificultasen en gran maneira o cumprimento do convenio.*

DÉCIMO SEGUNDA.- En referencia ó pago das cantidades acordadas, o Concello de Vigo aboará o importe comprometido da seguinte maneira:

Ano 2005

A parte que proporcionalmente lle corresponda tendo en conta a entrada en vigor do convenio.
O pago será tramitado á formalización do convenio.

Anos 2006 e 2007

Primeiro pago: 3.250 euros serán aboados no mes de abril de 2006 e 2007
Segundo pago: 3.250 euros serán aboados no mes de xullo de 2006 e 2007
Terceiro pago: 3.250 euros serán aboados no mes de outubro de 2006 e 2007
Cuarto pago: 3.250 euros serán aboados no mes de xaneiro de 2007 e 2008

Os pagos tramitaranse unha vez sexa certificado polo técnico responsable o correcto desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, durante o trimestre anterior ó do pago efectivo.

Previamente ó derradeiro pago dos exercicios 2006 e 2007, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” achegarán unha memoria de actividades realizadas en cada un dos exercicios indicados.

DÉCIMO TERCEIRA.- Crease unha Comisión mixta de seguimento do convenio para atender as controversias que poidan presentarse na súa aplicación así como para analizar a marcha do convenio.

A Comisión estará constituída por dous representantes por cada parte asinante do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- O presente convenio rexerese polas súas propias cláusulas, considerándose de carácter administrativo incluído no artigo 3.1 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, queda fora do ámbito de aplicación da mesma, sen perxuízo da aplicación dos principios de dito Real Decreto Lexislativo para resolver as lagoas que puideran presentarse.

DÉCIMO QUINTA.- A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que puideran suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por duplicado exemplar e cun só efecto, no lugar e data antes indicados.

63(1263).- SOLICITUDE DA FUNDACIÓN LUIS SEOANE DE PRÉSTAMO DE OBRAS DA COLECCIÓN DE ARTE GALEGA DO MUSEO DOS AUTORES SOUTO, DÍAZ PARDO E COLMEIRO PARA A EXPOSICIÓN “DIÁSPORAS”. EXPTE 1540/337

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León” do 5 de setembro de 2005, conformado polo concelleiro da área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

Recibíuse no museo municipal solicitude de préstamo de obras da colección de arte galega do museo dos autores Souto, Díaz Pardo e Colmeiro, con nº s inv. 174, 206, 373, 390; por parte da FUNDACIÓN LUIS SOANE para a exposición “DIÁSPORAS” a realizar entre o 28 de setembro de 2005 e 15 de xaneiro de 2006.

A fichas das obras solicitadas, con fotografía, figuran no anexo da solicitude.

O estado de conservación das obras é relativamente bo.

Polo que, en vista do interese da proposta, e a falta de conservador especializado, seguindo instrucións do concelleiro da área de Asuntos Sociais, o que subscribe fai á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Autorizar o préstamo temporal á FUNDACIÓN LUIS SEOANE, das obras de Souto, Díaz Pardo e Colmeiro; asignadas ao Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”; coas n^{os} inv. 174, 373, 390; e 206, para a exposición “DIÁSPORAS”, a realizar nesa dependencia entre o 28 de setembro e 15 de xaneiro de 2006; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó Padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

64(1264).- CESIÓN DE LOCAL NA RÚA ECUADOR 34-36 Á AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO. EXPTE. 2673/320.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19 de setembro de 2005 da técnica de Administración Xeral da Unidade de Patrimonio, conformado polo xefe de Patrimonio e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

Antecedentes

Primeiro.- En data 1 de xullo de 2005, a asociación “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo”, con CIF G-36.791.291, solicitou a cesión de uso, por parte do Excmo. Concello de Vigo, do local de titularidade municipal situado na rúa Ecuador 34-36, para a realización das súas actividades.

Segundo.- Polo servizo de Participación Cidadá, en data 10 de agosto de 2005, formulouse proposta favorábel á solicitude de cesión gratuita do local a favor da asociación solicitante, e con fin do seu destino ó desenvolvemento das súas actividades no campo da formación e de ámbito cultural.

Terceiro.- Durante a instrución do expediente, en cumprimento do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Administracións Locais, emitíronse informes pola oficina de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 26 de agosto de 2005, e pola Intervención Xeral do Concello, en data 13 setembro de 2005.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O Excmo. Concello de Vigo é titular do local sito no subsolo da rúa Panamá, entre os números 34 e 36 da rúa Ecuador desta cidade, adquirido en data 2 de febreiro de 1970, con ocasión das obras de apertura e urbanización da rúa Panamá.

No Inventario Municipal de Bens e dereitos, aprobado por acordo do Pleno de 4 de maio de 1993, consta de alta no seu epígrafe 1 correspondente a bens inmóbeis, co código de propiedade 0000004 e coa natureza xurídica de ben patrimonial.

Segundo.- A “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo dende 1995, co número 386-95, baixo o epígrafe: veciñais, consumo e usuarios e sociocomunitarias, e co ámbito temático: sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceos, casa rexionais, segundo manifesta o servizo de Participación Cidadá, en informe de data 10 de agosto de 2005, no

que se considera oportuna a cesión do local á mesma, con carácter de urxencia, para o desenvolvemento das súas actividades no campo da formación e de ámbito cultural.

Terceiro.- As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e enlleación do seu patrimonio, recoñecéndoseles polo ordenamento xurídico a facultade de ceder gratuitamente os seus bens patrimoniais a Entidades ou Institucións Privadas de interese público e sen ánimo de lucro, para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal (artigos 276 da LALG e 109 e seguintes do RBEL).

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo de cesión gratuita en precario do uso do devandito local, e nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formulará, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da LBRL.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. - Ceder gratuitamente, en precario, polo prazo de 25 anos, á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo”, o dereito de uso do local de propiedade municipal sito na rúa Ecuador 34-36 desta cidade, con suxeición ás seguintes CLÁUSULAS:

- 1) A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e, en particular, a aqueles programas e actividades de interese xeral, de carácter social, lúdico ou cultural, que anualmente desenvolve a entidade, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin, a entidade presentará anualmente: o seu orzamento de gastos e ingresos, un proxecto de actividades, unha memoria final e un balance económico das mesmas.
- 2) A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade civil polos danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, figurando o concello como un dos asegurados. Así mesmo, incluírá a responsabilidade civil locativa, que ampare calquera dano que se poida ocasionar ó local, por actos ou omisións de carácter negligente, cun límite mínimo de indemnización de 300.506,05 euros.
- 3) A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vigo como entidade cedente.
- 4) Todos os gastos de mantemento e conservación do local, así como os correspondentes ó subministro de auga e de electricidade corresponderánlle á asociación usuaria.
- 5) A cesión extinguirase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:
 - Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a cesión.
 - Renuncia da asociación á dita cesión.
 - Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.
 - Incumprimento das condicións nas que foi outorgada.
 - Disolución da asociación.
 - Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de tres meses.
- 6) Para a realización de calquera obra ou mellora no local cedido é preciso informar previamente á Concellería de Participación Cidadá e obter a autorización ou licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos derivados das mesmas. As obras e instalacións executadas revertirán integramente á Administración municipal no momento en que finalice a cesión de USO.
- 7) O Concello de Vigo poderá determinar, en calquera momento, compartir o uso do devandito local, en toda ou parte da súa superficie, para a realización de fins ou servizos públicos municipais que redunden en beneficio dos veciños da cidade, compartindo, neste caso, os gastos e cargas correspondentes.

- 8) O Concello de Vigo poderá acordar a incorporación a este uso dalgunha outra entidade do barrio, á solicitude da mesma, sempre que a superficie dispoñible o permita e os usos previstos sexan compatíbeis. Neste caso, o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do local.

2º.- Someter o presente expediente a información pública, polo prazo de 15 días, de conformidade co previsto no artigo 110 do RBEL. O presente acordo devirá definitivo, de non formularensse alegacións no período de información pública, o que se acreditará coa certificación que a este efecto expida o Secretario Xeral.

3º. - A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva”.

Acordo.-

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

65(1265).- MODIFICACIÓN DE PREGO DE CONDICIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL. Expte. 33209/212.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 22 de setembro de 2005 do xefe de negociado de Contratación, conformado polo xefe da área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da área de Seguridade, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación realizada o 13-09-2005 acordou propoñer á Xunta de Goberno Local “declarar deserto o procedemento negociado para a subministración de vehículos para a Policía Local por non se ter presentado ofertas á licitación”.

Ante esta situación o Xefe do Parque Móbil emite un informe no que se propón modificar o prego de condicións técnicas mantendo o número de unidades de vehículos, as súas características técnicas, todos os seus compoñentes excepción do sistema FM locator por non o coidar imprescindible, propoñendo por iso a modificación das bases técnicas que rexeron a contratación.

O cambio das condicións técnicas non supón cambio ningún no prego de cláusulas administrativas, xa que non se modifica nin o tipo de licitación, nin o procedemento de adjudicación, nin ningunha das cláusulas que recolle o prego aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08-08-2005.

Á vista das anteriores circunstancias proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o procedemento negociado para a subministración de vehículos para a Policía Local por non se ter presentado ofertas á licitación.

2º.- Modificar o prego de condicións técnicas no sentido de substituír o seguinte parágrafo das características de cada vehículo.

“Estará dotado do sistema FM locator con GSM e GPS, capaz de descarga de datos a un programa software incluíndo posicionamento e mensaxería, así coma parte proporcional de módem de comunicacións, kit de comunicacións, licencia e formación de 3 chaves FM”

Polo seguinte parágrafo:

“Estará dotado de preinstalación para sistema FM Locator”.

Acordo:

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

66(1266).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA ZONA DAS OSTRAS, RÚA MESTRE MATEO. EXPTE. 73/443.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 26-09-2005 da Mesa de Contratación, asinada polo seu secretario na mesma data e intervida e conformado polo interventor xeral do Concello, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación á vista dos informes do enxeñeiro técnico da oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e o coordinador da área de Servizos Xerais de 21-09-2005, propón por unanimidade dos membros presentes á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a Movexvial, S.L., o concurso para a execución das obras de remodelación da zona das ostras, rúa Mestre Mateo, por un importe de 91.985,00€ nun prazo de garantía de 30 meses. Todo iso de acordo co proxecto e prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13-06-2005 e a oferta presentada

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a antedita proposta da Mesa de Contratación.

67(1267).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

RS/pb